



ESTUDO ISSGA

Estudo da situación das
empresas en parques
empresariais galegos

XUNTA DE GALICIA

Estudo ISSGA

Estudo da situación das empresas en
parques empresariais galegos



observatorio galego
de condicións de traballo

EQUIPO TÉCNICO:

MANUEL ARMADA OYA

JOSÉ REGA PIÑEIRO

RAQUEL BLANCO SILVA

TRABALLO DE CAMPO E INFORME PRELIMINAR: SERVIGUIDE

EDICIÓN: INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA)

DESEÑO E MAQUETACIÓN: MAIZ CREATIVOS SL

1º EDICIÓN, 2011

(Índice)

1-(Introdución).....	5
2-(Metodoloxía)	7
2.1. Poboación estudada.....	7
2.2. Tamaño da mostra.....	8
2.3. Método de mostraxe.....	9
2.4. Período de recompilación de datos	9
2.5. Enquisa.....	9
2.6. Índice de resposta.....	9
3-(Descrición da mostra)	13
3.1 Coeficientes de ponderación	13
3.2. Características das empresas da mostra	13
3.2.1 Número de centros de traballo cos que contan as empresas na comunidade autónoma galega	13
3.2.2 Tempo que leva o centro de traballo realizando a súa actividade en Galicia	14
3.2.3 Sectores de actividade	14
3.2.4 Persoal traballador no centro de traballo (persoal propio).....	15
3.2.5 Situación laboral do persoal segundo o tipo de contrato.....	15
3.2.6 Idade do persoal traballador.....	16
3.2.7 Sexo e nacionalidade do cadro de persoal.....	16
3.2.8 Lugar no que realiza o persoal propio a maior parte do seu traballo	18
3.2.9 Horario do persoal propio.....	19
3.2.10 Realización ou non de actividades de especial perigo	19
4-(Organización da prevención e actividades preventivas).....	23
4.1. Órganos de participación.....	23
4.1.1 Delegados/as de prevención	23
4.1.2 Comité de seguridade e saúde no traballo.....	26
4.2. Recursos para a prevención dos riscos laborais.....	29
4.2.1 Modalidade de organización preventiva	29
4.2.2 Designación de persoal.....	32
4.2.3 Servizo de prevención propio	33
4.2.4 Servizo de prevención alleo	34
4.2.5 Outras figuras preventivas	40
5-(Actividades preventivas)	45
5.1. Avaliación de riscos	45
5.2. O recoñecemento médico	65
5.3. Outras actividades preventivas	70
5.4. Formación en seguridade e saúde	77
6-(Máquinas e equipos de traballo)	91
7-(Sinistralidade: estimación, investigación, causas e consecuencias)	97
7.1. Identificación de riscos no centro de traballo	97
7.2. Accidentes de traballo e enfermidades profesionais	98
8-(Xestión empresarial)	107
9-(Motivación para previr os riscos laborais).....	109
9.1. Repercusións negativas da situación respecto á seguridade e saúde no traballo nas empresas	109
9.2. Razóns principais para previr os riscos laborais.....	110
9.3. Valoración da regulamentación sobre a prevención de riscos laborais.....	115
10-(Conclusións).....	121
10.1. Organización da prevención	121
10.2. Actividades preventivas.....	122
10.3. Máquinas e equipos de traballo	124
10.4. Sinistralidade: estimación, investigación, causas e consecuencias	124
10.5. Motivación para previr os riscos laborais	124
11-(Anexo).....	127
ENQUISA:.....	128
Índice de gráficas.....	147
Índice de táboas.....	150



1-(Introducción)

As empresas radicadas en polígonos industriais ou en parques empresariais, asemade de dispoñer dunha serie de servizos comúns, teñen a posibilidade de constituír servizos de prevención mancomunados, segundo o artigo 21.1 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

Estas particularidades xustifican a realización dunha análise específica da xestión da prevención dos riscos laborais nestas empresas, cara ao estudo das posibilidades de mellorar as condicións de traballo e incrementar a protección da seguridade e saúde dos/das traballadores/as.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), creado pola Lei 14/2007 do 30 de outubro, é o órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, ao que corresponde a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo. Entre as funcións que o artigo 4 da devandita lei define para o ISSGA, figura a de coñecer, tratar, elaborar e difundir os informes e os datos estatísticos sobre sinistralidade laboral e condicións de traballo.

No exercicio desta función, en 2010 realizáronse enquisas xenéricas a empresas e a traballadores/as sobre as condicións de traballo en Galicia. A enquisa que se presenta neste documento corresponde unicamente a empresas radicadas en parques empresariais, e afonda no coñecemento da realidade preventiva neste tipo de entidades, con base nas especificidades arriba mencionadas. Para isto realizouse o estudo en parques e polígonos con entidades pertencentes á Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE).

Dado que se trata dunha enquisa, a información recompilada está, con toda probabilidade, modulada pola percepción subxectiva e o nivel de coñecemento sobre a materia dos axentes implicados. O cuestionario remitiuse ás empresas, polo que é de supoñer que foi cuberto polos empresarios ou persoas designadas por eles. O formato é basicamente o mesmo que se utilizou para a enquisa xenérica que o ISSGA realizou a todo tipo de empresas, coa intención de que se poidan cruzar e comparar os datos de ámbalas dúas, e mesmo cos resultados da enquisa que o Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo (INSHT) realizou a nivel nacional.

A información que achega pola enquisa complementase cunha análise pormenorizada das infraestruturas e servizos de cada un dos 25 polígonos, con especial énfase nos aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde das persoas: seguridade viaria, xestión de residuos, vixilancia e seguridade, e medios de actuación en caso de emerxencias, tendo en conta que coa realización deste traballo, o ISSGA quixo establecer unha canle de colaboración coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Os obxectivos do estudo son:

- Coñecer os recursos e a organización preventiva con que contan as empresas radicadas nos parques pertencentes á FEGAPE para garantir a seguridade e saúde dos/das traballadores/as.
- Facer unha estimación da actividade preventiva das empresas a partir das accións desenvolvidas.
- Obter datos que sexan coherentes cos da enquisa xeral que o ISSGA realizou ás empresas de Galicia, e cos da enquisa nacional do Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo (INSHT).
- Dispoñer de información na que basear criterios de actuación en materia de asesoramento e asistencia técnica ás empresas radicadas en parques e polígonos.



2-(Metodoloxía)

2.1. Poboación estudada


O estudo foi realizado sobre as empresas, de todos os sectores de actividade económica, situadas en 31 polígonos industriais das catro provincias galegas e que teñen polo menos un traballador/a dado de alta na Seguridade Social. Trátase, na súa meirande parte, de polígonos que contan con entidades federadas á FEGAPE (Federación Galega de Parques Empresariais), salvo dous polígonos da provincia de A Coruña (A Gándara e Sabón). A listaxe dos polígonos por provincia expónse na seguinte táboa:

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
POLÍGONOS INDUSTRIAIS	☐ Polígono Ind. A Grela ☐ Polígono Ind. Pocomaco ☐ Polígono Ind. Penapurreira ☐ Polígono Ind. de Bergondo ☐ Polígono Ind. Espírito Santo ☐ Polígono Ind. Tambre ☐ Polígono Ind. Bértoa ☐ Polígono Ind. Alvedro ☐ Polígono Ind. Tella ☐ Polígono Ind. Río do Pozo ☐ Polígono Ind. As Lagoas ☐ Polígono Ind. Vilar do Colo ☐ Polígono Ind. A Gándara ☐ Polígono Ind. Sabón ☐ Polígono Ind. As Somozas	☐ Polígono Ind. Sete Pontes ☐ Polígono Ind. O Reboredo	☐ Polígono Ind. San Cibrao das Viñas ☐ Parque Tecnolóxico de Galicia - Tecnópole ☐ Polígono Ind. Barreiros	☐ Polígono Ind. O Campiño ☐ Polígono Ind. A Granxa ☐ Polígono Ind. As Gándaras ☐ Polígono Ind. A Tomada ☐ Polígono Ind. Castiñeiras ☐ Polígono Ind. A Pasaxe ☐ Polígono Ind. Toedo ☐ Polígono Ind. Salnés ☐ Polígono Ind. Areas ☐ Parque Tecnolóxico Vigo ☐ Polígonos de Mos

TÁBOA 1: LISTAXE DE POLÍGONOS POR PROVINCIA

A poboación estudada foi de 2.247 empresas, distribuídas en 31 polígonos industriais das catro provincias galegas. A distribución das empresas ás que se lles enviou a enquisa por provincia resúmese a continuación:

GRÁFICA 1: DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS ÁS QUE SE LLES ENVIU A ENQUISA POR PROVINCIA



2.2. Tamaño da mostra

Para determinar o tamaño mínimo da mostra tivéronse en conta os seguintes parámetros:

- A poboación ou universo (N) obxecto de estudo, é dicir, o total de empresas ás que se lles enviou a enquisa (2.247 empresas).
- A varianza poboacional (σ^2 ; pq), que é unha medida de dispersión dos resultados, na que p representa a porcentaxe da poboación que responde positivamente e q a porcentaxe que responde negativamente, de forma que se cumpre que $p = 1 - q$. Suporase a máxima desviación, que se corresponde con $p = q = 0,5$.
- Nivel de confianza ($1-\alpha$), que representa a probabilidade de que a estimación que se obtivo se axuste á realidade. O máis habitual é traballar cun nivel de confianza do 95%. Asociado ao nivel de confianza aparece o termo z,

correspondente a un nivel de confianza ($1-\alpha$), que se atopa tabulado en función do nivel de confianza. Os valores máis habituais deste coeficiente, baseados nunha distribución normal N (0,1) son os seguintes:

Z	1- α
1	68%
1,96	95%
2,47	99%

TÁBOA 2: VALORES ESTADÍSTICOS DE REFERENCIA

- Erro mostral (E), que representa o nivel de precisión das estimacións, é dicir, a magnitude das desviacións respecto ao valor verdadeiro da poboación. Debido a que é aconsellable empregar un valor do erro mostral inferior ao 10%, para o cálculo do tamaño mínimo da mostra tomouse un erro do 7%.

A fórmula empregada para determinar o tamaño da mostra, que depende dos parámetros descritos anteriormente, é a que se mostra a continuación.

$$n = \frac{N \cdot z^2 \cdot \sigma^2}{E^2 \cdot (N - 1) + z^2 \cdot \sigma^2}$$

Con base nesta metodoloxía, o tamaño mínimo da mostra, para os valores de nivel de confianza e erro definidos, sería de 181 empresas.

2.3. Método de mostraxe

A metodoloxía empregada baseouse na posta a disposición das empresas dunha enquisa (Enquisa autonómica de condicións de traballo), considerando que é unha ferramenta que permite obter e recompilar a información adecuada e necesaria para a realización da análise da situación das empresas galegas respecto ao seu nivel de prevención de riscos no traballo.

As enquisas fixéronse chegar por correo electrónico á totalidade das empresas asentadas nos 31 polígonos industriais elixidos.

Nunha primeira fase solicitouse a colaboración das entidades federadas na FEGAPE (asociacións de empresarios, comunidades de propietarios, entidades de conservación, consorcios e federacións) para recompilar os datos das empresas (nome, número de teléfono e enderezo de correo electrónico) no ámbito de influencia de cada unha destas entidades.

Con aquelas empresas das que non se obtivo o enderezo de correo electrónico, ou este deu erro, contactouse a través de chamada telefónica.

A recollida de información da enquisa realizouse a través dunha aplicación informática á cal podían acceder as empresas mediante o enlace:

<http://spreadsheets.google.com/viewform?formkey=dG0wMnFtWEdiV1dkNUNCR1BzMGd4eEE6MA>

Previamente enviáuselles ás empresas un correo electrónico no que se informaba do proxecto, e se incluía o citado enlace.

2.4. Período de recompilación de datos

As enquisas fixéronse chegar ás empresas entre o 1 de marzo e o 31 de maio de 2010. Realizouse un reenvío a aquelas empresas que non contestaron a enquisa desa primeira remesa.

A recollida de información (recepción de enquisas contestadas) realizouse desde o inicio dos envíos, o 1 de marzo, ata o día 30 de xuño de 2010.

Ademais de poder cubrir as enquisas a través da aplicación informática (na cal quedaban rexistradas), tamén se facilitou a aquelas empresas que solicitaron a posibilidade de facelo noutros formatos.

2.5. Enquisa

A enquisa empregada consta de 55 preguntas, das cales 50 extraéronse da *VI Encuesta Nacional de Condiciones de Trabajo. Cuestionario empresas*, do Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo, dúas modificáronse sobre as da citada enquisa e tres son novas. O modelo de enquisa recóllese no Anexo I.

2.6. Índice de resposta

O número de respostas obtidas foi de 198, o que representa o 8,80% do total de enquisas enviadas. Non obstante, hai que sinalar que foron eliminadas 2 enquisas da mostra; unha delas por non contar con traballadores/as por conta allea e outra por pertencer ao sector agrario. Este sector foi eliminado do estudo por non resultar representativo no universo poboacional. Polo mesmo motivo, o sector pesca non está presente.

Finalmente foron tratadas 196 enquisas. Para este número de respostas corresponderíase un erro de 6,69%, inferior ao especificado no punto 2.2, no que se establece a metodoloxía de cálculo do tamaño de mostra mínimo.

O maior número de respostas corresponde ás provincias da Coruña e Pontevedra, por ser estas as que concentran un maior número de polígonos contactados neste estudo.

Detectouse un número de enquisas anónimas, non podendo clasificalas polo tanto en ningunha provincia nin polígono industrial.

	ENQUISAS RECIBIDAS	PORCENTAXE ENQUISAS RECIBIDAS	PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DE ENQUISAS ENVIADAS
A CORUÑA	86	43,87%	8,69%
LUGO	9	4,60%	11,11%
OURENSE	21	10,71%	5,93%
PONTEVEDRA	71	36,22%	8,62%
Enquisas anónimas	9	4,59%	--

TÁBOA 3: ENQUISAS RECIBIDAS POR PROVINCIA

Na seguinte táboa preséntase o número de enquisas recibidas de cada un dos polígonos industriais incluídos no alcance do presente estudo:

POLÍGONOS DA PROVINCIA DA CORUÑA		POLÍGONOS DA PROVINCIA PONTEVEDRA	
☐ Polígono industrial A Grela	18 Enquisas	☐ Polígono industrial de A Tomada	2 Enquisas
☐ Polígono industrial de Pocomaco	14 Enquisas	☐ Polígono industrial de Castiñeiras	5 Enquisas
☐ Polígono de Penapurreira	3 Enquisas	☐ Polígono industrial A Pasaxe	8 Enquisas
☐ Polígono industrial de Bergondo	5 Enquisas	☐ Polígonos industriais Mos	6 Enquisas
☐ Polígono industrial de Espírito Santo	7 Enquisas	☐ Polígono industrial O Campiño	6 Enquisas
☐ Polígono industrial do Tambre	14 Enquisas	☐ Polígono industrial de A Granxa	11 Enquisas
☐ Polígono industrial de Bertoa	5 Enquisas	☐ Polígono industrial de As Gándaras	10 Enquisas
☐ Polígono industrial de Alvedro	1 Enquisa	☐ Polígono industrial de O Salnés	7 Enquisas
☐ Polígono industrial Tella	0 Enquisas	☐ Polígono industrial Areas	8 Enquisas
☐ Polígonos de Ferrolterra (Río do Pozo, As Lagoas, Vilar do Colo, A Gándara)	7 Enquisas	☐ Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo	8 Enquisas
☐ Polígono industrial de Sabón	11 Enquisas	☐ Polígono industrial de Toedo	0 Enquisas
☐ Polígono As Somozas	1 Enquisa		
POLÍGONOS DA PROVINCIA DE LUGO		POLÍGONOS DA PROVINCIA DE OURENSE	
☐ Polígono industrial Sete Pontes	7 Enquisas	☐ Polígono industrial de San Cibrao das Viñas	12 Enquisas
☐ Polígono industrial Reboredo	2 Enquisas	☐ Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole)	9 Enquisas
		☐ Polígono industrial Barreiros	0 Enquisas
ANÓNIMAS			
☐ Anónimas	9 Enquisas		

TÁBOA 4: ENQUISAS RECIBIDAS POR POLÍGONO INDUSTRIAL



3-(Descrición da mostra)

Como se comentou no punto 2.6, o tamaño da mostra coa que se vai realizar a análise é de 196 enquisas, cifra superior ao tamaño mínimo de mostra que garante a representatividade da poboación (181 enquisas). Cabe destacar que dúas enquisas foron descartadas, unha por pertencer a un sector non representativo dos polígonos industriais e outra por non contar con traballadores/as por conta allea.

3.1 Coeficientes de ponderación

O tratamento de forma conxunta de datos de varios estratos para inferir a poboación orixe da mostra require a combinación dos resultados obtidos en ambas as áreas. Neste sentido, é necesario calcular os coeficientes de ponderación a fin de devolver á mostra o peso diferencial que teñen cada un dos estratos. É dicir, os coeficientes de ponderación devolven en mostras desproporcionadas a cada estrato ou dominio a súa proporcionalidade real.

PROVINCIA	COEFICIENTE PONDERACIÓN
A Coruña	0,99
Lugo	0,37
Ourense	1,49
Pontevedra	1,02

TÁBOA 5: COEFICIENTES DE PONDERACIÓN

3.2. Características das empresas da mostra:

A continuación, preséntanse os datos relativos ás características das empresas enquisadas, tanto os relativos ao centro de traballo (actividade, número de centros cos que contan en Galicia, tempo que o centro de traballo leva establecido na Comunidade Autónoma...) como os relacionados coas características do seu persoal.

3.2.1 Número de centros de traballo cos que contan as empresas na comunidade autónoma galega

Como pode verse na seguinte táboa, o 71,43% das empresas só contan cun centro de traballo en Galicia, mentres que o 21,43% teñen entre 2 e 5 centros de traballo na Comunidade Autónoma.

CENTROS DE TRABAJO EN GALICIA COS QUE CONTA A EMPRESA (COA MESMA RAZÓN SOCIAL) INCLUÍDO O PROPIO CENTRO	PORCENTAXE
Só este centro	71,43%
2 a 5 centros	21,43%
6 a 10 centros	1,53 %
Máis de 10 centros	4,08 %
NS/NC	1,53 %
Total	100 %

TÁBOA 6: NÚMERO DE CENTROS DE TRABAJO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA POR EMPRESA

3.2.2 Tempo que leva o centro de traballo realizando a súa actividade en Galicia

En canto ao tempo que leva este centro de traballo realizando a súa actividade, cómpre dicir que a maior parte das empresas están consolidadas en Galicia, con máis de 10 anos traballando na comunidade autónoma galega:

TEMPO QUE O CENTRO DE TRABAJO LEVA REALIZANDO A SÚA ACTIVIDADE	PORCENTAXE
De 0 a 6 meses	1,02 %
De 6 meses a 1 ano	1,02 %
De 1 a 5 anos	18,37 %
De 5 a 10 anos	20,41 %
Máis de 10 anos	58,67 %
NS/NC	0,51 %
Total	100%


TÁBOA 7: TEMPO QUE A EMPRESA LEVA ESTABLECIDA EN GALICIA

3.2.3 Sectores de actividade

Nos polígonos industriais galegos estudados, o sector servizos ostenta unha ampla representación, co 60,71% das empresas enquisadas. A continuación sitúase o sector industria (32,15%) e, finalmente, a construción (7,14%).


Ao analizar a poboación de empresas obtense que tan só o 0,17% das empresas pertencen ao sector da agricultura, do que se deduce que é un sector pouco representativo na poboación de empresas estudadas (sector pouco asentado e representativo nos polígonos industriais). En consecuencia, non se terá en conta neste estudo. Así mesmo, como se expuxo no punto 2.6, o sector da pesca tamén queda fóra da análise por non ser representativo dos polígonos industriais.

GRÁFICA 2: DISTRIBUCIÓN DOS SECTORES DE ACTIVIDADE NA MOSTRA ANALIZADA



3.2.4 Persoal traballador no centro de traballo (persoal propio)

GRÁFICA 3: CLASIFICACIÓN DAS EMPRESAS POR PERSOAL TRABALLADOR




Na mostra analizada predominan as empresas de 10 a 49 persoas traballadoras (o 44,39% das mesmas), seguidas das empresas de ata 9 persoas traballadoras (29,60%) e as de 50 a 99 persoas traballadoras (12,24%).

3.2.5 Situación laboral do persoal segundo o tipo de contrato

Preguntadas as empresas pola distribución do persoal que realiza o seu labor no centro de traballo segundo o tipo de contrato no momento de realizar a enquisa, as respostas obtidas foron as seguintes:

GRÁFICA 4: DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL SEGUNDO O TIPO DE CONTRATO





3.2.6 Idade do persoal traballador

Pregúntaselles ás empresas cantas persoas teñen traballando en cada un dos seguintes rangos de idade: 16 a 19, 20 a 24, 25 a 54 e 55 a 65.

Como unha empresa pode ter persoas en máis dun rango de idade, a análise desta pregunta farase como se se tratase dunha pregunta multirresposta, e en consecuencia, a suma das porcentaxes dos rangos de idade é superior a 100%.

Respecto á idade do cadro de persoal, o 89,80% das empresas enquisadas manifestan ter persoal de idade entre 25 e 54 anos. O seguinte rango con maior número de casos é o grupo de idade comprendida entre 55 e 65 anos. Un 54,08% de empresas afirman ter persoal deste rango de idade. O 42,86% das empresas manifestan ter persoal de entre 20 e 24 anos e tan só un 6,63% das empresas afirman ter persoal de entre 16 a 19 anos.




Ao analizar a distribución do persoal das empresas enquisadas por rango de idade, resulta que o 82,40% das persoas teñen entre 25 e 54 anos. Un 11,70% teñen entre 55 e 65 anos, un 5,40% teñen unha idade comprendida entre 20 e 24 anos, e o rango menos frecuente é o de 16 a 19 anos, cun 0,50% do persoal.

3.2.7 Sexo e nacionalidade do cadro de persoal


O 69,19% do persoal das empresas enquisadas de nacionalidade española son homes, mentres que o 27,40% son mulleres. A representación do persoal estranxeiro (3,41%) é maioritariamente masculina (2,78%). Evidénciase unha maioría de homes entre o equipo de traballo das empresas enquisadas e unha porcentaxe moi baixa de persoal estranxeiro.

Ao analizar o sexo e a nacionalidade do cadro de persoal por sector, detéctase para todos os sectores que a porcentaxe de homes é superior á de mulleres. Pódese destacar que o sector con maior porcentaxe de homes é a construción, con 91,55% (nacionais máis estranxeiros); o sector con maior porcentaxe de mulleres é o sector servizos, cun 36,12%; e o sector coa maior porcentaxe de persoal estranxeiro é a construción, co 8,82%.

GRÁFICA 7: SEXO E NACIONALIDADE DOS/AS TRABALLADORES/AS



GRÁFICA 8: SEXO E NACIONALIDADE DOS TRABALLADORES /AS POR SECTOR DE ACTIVIDADE



3.2.8 Lugar no que realiza o persoal propio a maior parte do seu traballo


A análise da información mostra que o 98,98% das empresas teñen persoal traballando no propio centro de traballo. O 38,27% das empresas teñen persoal traballando na rúa, un 26,02% delas manifestan ter persoal traballando noutros centros de traballo da mesma empresa, un 11,22% teñen persoal traballando noutras empresas e un 2,55% afirman ter persoal traballando no seu domicilio. Cabe destacar que o 36,00% das empresas enquisadas teñen todo o seu persoal no propio centro de traballo.

Cando se analiza a distribución do persoal por lugar de traballo evidénciase que o lugar onde traballa o maior número de traballadores/as é no propio centro. O segundo lugar máis frecuentado son outras empresas (15,68%), seguido doutros centros de traballo da mesma empresa (9,85%), na rúa (9,06%) e no domicilio (0,08%).

LUGAR NO QUE O PERSOAL REALIZA O TRABALLO	PORCENTAXE DE CENTROS DE TRABALLO
NESTE CENTRO DE TRABALLO	98,98%
NOUTROS CENTROS DE TRABALLO DA MESMA EMPRESA	26,02%
NOUTRAS EMPRESAS	11,22%
NA RÚA (REPARACIÓN, MANTEMENTO, OBRAS...)	38,27%
NO SEU DOMICILIO	2,55%
OUTROS	3,06%

TÁBOA 8: LUGAR NO QUE O PERSOAL REALIZA O SEU TRABALLO

GRÁFICA 9: DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL SEGUNDO O LUGAR NO QUE REALIZA O TRABALLO



Pedíuselles ás empresas enquisadas que indicaran o lugar no que o persoal realiza a maior parte do seu traballo. Debido a que unha empresa pode ter persoal traballando en varios dos lugares propostos, considérase que é unha pregunta multirresposta e, polo tanto, a suma das porcentaxes é superior ao 100%.

Ao realizar unha análise por sectores de actividade compróbase que o sector que ten máis traballadores/as no propio centro é o sector industria (o 100% das empresas enquisadas deste sector teñen traballadores/as realizando a súa actividade no propio centro), mentres que o que máis traballadores/as ten realizando traballos na rúa é o sector construción (o 50% das empresas).

3.2.9 Horario do persoal propio

Preguntouse ás empresas sobre o horario que realiza o persoal, pedíndolles que indicasen cal era o número de traballadores/as en cada un dos horarios. Ao haber empresas que teñen traballadores/as en varios horarios, considérase que é unha pregunta multirresposta, xa que unha empresa podía cubrir máis dun horario.

Detéctase que a maior parte das empresas (82,14%) contan con persoal con xornada partida (mañá e tarde), seguido, aínda que de lonxe (32,14%), da xornada continua de mañá.

HORARIOS DO PERSOAL	PORCENTAXE EMPRESAS
Xornada partida: mañá e tarde	82,14%
Xornada continua: fixo de mañá	32,14%
Xornada continua: fixo de tarde	6,63%
Xornada continua: fixo de noite	5,61%
Horario en equipos rotativos (quendas): mañá/tarde	16,33%
Horario en equipos rotativos (quendas): mañá/tarde/noite	8,16%
Horario en equipos rotativos (quendas): outro	2,04%
Outro	5,61%

TÁBOA 9: DISTRIBUCIÓN DOS CENTROS DE TRABALLO SEGUNDO OS HORARIOS DO PERSOAL

Para cada un dos sectores de actividade analizados (servizos, industria e construción), compróbase que o horario predominante é a xornada partida, mañá e tarde.


Facendo unha análise dos horarios máis sensibles desde o punto de vista da seguridade e saúde no traballo, como son o horario nocturno e o horario a quendas mañá-tarde-noite, comprobouse que as dúas modalidades son máis frecuentes no sector industria, cun 9,52% dos centros nos que hai traballadores/as con xornada continua fixa de noite e o 14,28% con quendas mañá/tarde/noite.

3.2.10 Realización ou non de actividades de especial perigo

Ao preguntar ás empresas se no centro de traballo se realiza algunha actividade de especial perigo (segundo as incluídas no Anexo I do Regulamento dos servizos de prevención), pregunta con posibilidade de resposta múltiple, os resultados xerais indican que o 31,96% dos centros realizan algunha actividade deste tipo.

A súa distribución por sector de actividade mostra que o sector no que está presente en maior medida algunha actividade de especial perigo é o sector da construción (64,29%).

GRÁFICA 10: PRESENZA DE ACTIVIDADES DE ESPECIAL PERIGO POR SECTOR DE ACTIVIDADE



Preguntouse ás empresas se realizaban algunha das actividades de especial perigo incluídas no Anexo I do Regulamento dos servizos de prevención. Trátase dunha pregunta con resposta múltiple, polo que as sumas das porcentaxes é superior a 100%.

Daquelas empresas enquisadas nas que se realiza algunha actividade de especial perigo, as actividades máis frecuentes foron a de *traballos con exposición a axentes tóxicos e moi tóxicos* (38,71%), as *actividades en obras de construción, escavación, movementos de terras e túneles* (32,26%) e as *actividades na industria siderúrxica e na construción naval* (32,26%).

ACTIVIDADE DE ESPECIAL PERIGO	PORCENTAXE
Traballos con exposición a axentes tóxicos e moi tóxicos	38,71 %
Actividades en obras de construción, escavación, movementos de terras e túneles	32,26%
Actividades na industria siderúrxica e na construción naval	32,26%
Produción ou utilización significativa de gases comprimidos, licuados ou disoltos	14,52%
Actividades nas que interveñen produtos químicos de alto risco	12,90%
Traballos con riscos eléctricos en alta tensión	12,90%
Traballos de exposición a radiacións ionizantes	11,29%
Traballos propios de minaría a ceo aberto e sondaxes en superficie terrestre ou en plataformas mariñas	3,22%
Traballos que produzan concentracións elevadas de po silíceo	3,22%
Actividades de fabricación, manipulación e utilización de explosivos	1,61%
Traballos con exposición a axentes biolóxicos do grupo 3 (un axente patóxeno que poida causar unha enfermidade grave no home e presente un serio perigo para os/as traballadores/as; existe o risco de que se propague na colectividade pero existen xeralmente unha profilaxe o un tratamento eficaces)	0%
Traballos con exposición a axentes biolóxicos do grupo 4 (un axente patóxeno que cause unha enfermidade grave no ser humano e supoña un serio perigo para os/as traballadores/as; existen moitas posibilidades de que se propague na colectividade, non existen xeralmente unha profilaxe o un tratamento eficaces)	0%
Traballos propios de minaría interior	0%
Actividades de inmersión baixo a auga	0%

TÁBOA 10: ACTIVIDADES DE ESPECIAL PERIGO SEGUNDO A SÚA FRECUENCIA DE APARICIÓN NAS EMPRESAS. ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN E ACTIVIDADES PREVENTIVAS



4-(Organización da prevención e actividades preventivas)


4.1. Órganos de participación

4.1.1 Delegados/as de prevención

O 50,51% das empresas enquisadas confirma a existencia de delegado/a de prevención no centro de traballo. A meirande parte, o 84,34%, son homes, mentres que o 15,66% son mulleres.

Ao facer unha análise con base no número de traballadores/as da empresa, os resultados obtidos son os seguintes:

GRÁFICA 11: EXISTENCIA DE DELEGADOS/AS DE PREVENCIÓN NAS EMPRESAS E DIFERENCIACIÓN POR SEXOS



NESTE CENTRO DE TRABAJO HAI DELEGADO/A DE PREVENCIÓN?	SI	NON	SE OS HAI CAL É A PORCENTAXE DE...	
			HOMES	MULLERES
DE 6 A 9 TRABALLADORES/AS	24,14%	75,86%	66,67%	33,33%
DE 10 A 49 TRABALLADORES/AS	55,17%	44,83%	98,18%	1,82%
DE 50 A 99 TRABALLADORES/AS	62,50%	37,50%	77,42%	22,58%
DE 100 A 249 TRABALLADORES/AS	72,73%	27,27%	91,30%	8,70%
250 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	87,50%	12,50%	70,00%	30,00%

TÁBOA 11: DELEGADOS/AS DE PREVENCIÓN SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

Analízase, a continuación, a distribución dos delegados/as de prevención por tamaño da empresa e por sector. Detéctase que nos centros de traballo do sector industria é máis frecuente contar con delegados/as de prevención que entre os do sector construción e servizos. De feito, ao calcular a media de delegados/as de prevención por sector, obtense que o 68,31% das empresas do sector industria teñen delegado/a de prevención, ao igual que o 57,08% das empresas da construción e o 40,08% das empresas do sector servizos.

En xeral, a presenza dos/das delegados/as de prevención aumenta na medida que o fai o número de traballadores/as nas empresas.


EXISTENCIA DE DELEGADOS/AS DE PREVENCIÓN	SECTOR SERVIZOS		SECTOR INDUSTRIA		SECTOR CONSTRUCIÓN	
	SI HAI	NON HAI	SI HAI	NON HAI	SI HAI	NON HAI
DE 6 A 9 TRABALLADORES/AS	22,22%	77,78%	27,27%	72,73%	50,00%	50,00%
DE 10 A 49 TRABALLADORES/AS	45,28%	54,72%	74,07%	25,93%	57,14%	42,86%
DE 50 A 99 TRABALLADORES/AS	50,00%	50,00%	81,82%	18,18%	66,67%	33,33%
DE 100 A 249 TRABALLADORES/AS	75,00%	25,00%	60,00%	40,00%	33,33%	0%
250 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	50,00%	50,00%	100,00%	0%	--	--
TOTAIS POR SECTOR	40,34%	59,66%	68,25%	31,75%	57,14%	42,86%

TÁBOA 12: DELEGADOS/AS DE PREVENCIÓN POR SECTOR DE ACTIVIDADE

Atendendo á escala establecida pola lexislación de prevención de riscos laborais¹, que fixa o número de delegados de prevención en función do cadro de persoal, cabe dicir que a maioría dos centros de traballo que teñen nomeado delegado/a de prevención (99 empresas do total das 196) teñen como mínimo o número esixido pola lei (83,84%). Non obstante, cabe sinalar que nos centros de entre 50 e 100 traballadores/as, un 25,00% teñen un número inferior ao establecido (só un cando deberían ter dous) e que nos de 101 a 500 traballadores/as a porcentaxe de centros que ten un número inferior ao establecido é do 30,77% (un ou dous cando deberían ter tres).

A meirande parte das empresas (82,83%) afirman que todos/as os/as delegados/as de prevención reciben formación desde a súa designación sobre as súas responsabilidades en materia de seguridade e saúde no traballo. Non obstante, un 10,10% das empresas manifestan que os/as delegados/as de prevención non a reciben, e, naqueles casos nos que varias persoas foron elixidas para desempeñar esta función, só un 7,07% das empresas manifestan que estes reciben a formación sobre seguridade e saúde no traballo.

GRÁFICA 12: FORMACIÓN DOS /AS DELEGADOS/AS DE PREVENCIÓN



¹ Nas empresas de ata 10 traballadores/as (coa anterior versión normativa, ata 6 traballadores/as) o/a empresario/a pode asumir persoalmente a actividade preventiva (R.d. 39/1997, Regulamento dos servizos de prevención, art. 11).

Ademais, en empresas de ata 10 traballadores/as non é obrigatorio que haxa delegados/as de persoal. Para empresas de entre 6 e 10 traballadores/as pode haber delegado/a de persoal se o deciden os/as traballadores/as por maioría (R.d.l. 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 62).

4.1.2 Comité de seguridade e saúde no traballo

Ao realizar unha análise da existencia do comité de seguridade e saúde no traballo nas empresas nas que existe a figura dos/as delegados/as de prevención, obsérvase que o 44,40% das empresas confirman a súa existencia, fronte ao 55,60% das empresas que carecen desta figura.

Con base no número de traballadores/as na empresa, os resultados obtidos son os seguintes:


NESTE CENTRO DE TRABAJO HAI COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO?	SI	NON	SECTOR SERVIZOS		SECTOR INDUSTRIA		SECTOR CONSTRUCCIÓN	
			SI	NON	SI	NON	SI	NON
DE 1 A 9 TRABALLADORES/AS	0%	100,00%	0%	100,00%	0%	100,00%	0%	100,00%
DE 10 A 49 TRABALLADORES/AS	20,80%	79,20%	25,00%	75,00%	15,00%	85,00%	25,00%	75,00%
DE 50 A 99 TRABALLADORES/AS	93,30%	6,70%	80,00%	20,00%	100,00%	0%	100,00%	0%
DE 100 A 249 TRABALLADORES/AS	100,00%	0%	100,00%	0%	100,00%	0%	100,00%	0%
250 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	100,00%	0%	100,00%	0%	100,00%	0%	--	--

TÁBOA 13: EXISTENCIA DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO

No 93,30% dos centros de traballo que teñen nomeado/a algún/algúnha delegado/a de prevención e que teñen entre 50 e 99 persoas no cadro de persoal,² constituíuse o comité de seguridade e saúde. Acádase o 100% nos centros que superan os 100 traballadores/as. A análise por sectores de actividade non mostra grandes diferenzas entre eles.

² Segundo o art. 38 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, o comité de seguridade e saúde é obrigatorio nas empresas de 50 traballadores/as ou máis (Lei 31/1995).

Ante a pregunta de cantas veces, nos últimos doce meses, se reuniu o comité de seguridade e saúde, a maior parte das empresas (54,54%) responden, de acordo ao establecido legalmente, 4 veces ou máis. No 13,64% das empresas o comité de seguridade e saúde reuniuse 3 veces, no 15,91% reuniuse 2 veces, no 6,82% das empresas 1 vez e no 9,09% non se reuniu ningunha vez no último ano.



No que respecta á consulta sobre aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais naquelas empresas que contan con delegados/as de prevención, detéctase que as empresas teñen en conta a opinión do persoal e dos seus representantes en aspectos como a avaliación de riscos, a introdución de novas tecnoloxías, a elección de equipos de traballo e/ou equipos de protección individual (EPI), a organización da prevención dos riscos e a formación na materia.

Outros aspectos como a elección do servizo de prevención alleo ou a elección da mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, son consultados en menor medida ao persoal e aos seus representantes, pasando a xestionarse directamente desde os órganos de dirección das empresas.

SOBRE CALES DOS SEGUINTE ASPECTOS SE CONSULTA AOS/ÁS TRABALLADORES/AS OU AOS SEUS REPRESENTANTES	AVALIACIÓN DE RISCOS	INTRODUCCIÓN NOVAS TECNOLOXÍAS	ELECCIÓN DE EQUIPOS DE TRABALLO E DE EPI	ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS	ORGANIZACIÓN DA FORMACIÓN	ELECCIÓN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO	ELECCIÓN MUTUA ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS	POSTOS DE TRABALLO SEN RISCOS EN CASO DE INCOMPATIBILIDADE POLO EMBARAZO
Aos/ás delegados/as de prevención	44,44%	24,24%	33,33%	57,58%	44,44%	31,31%	30,30%	31,31%
Aos/ás traballadores/as	11,11%	7,07%	13,13%	4,04%	11,12%	2,02%	3,03%	6,06%
A ambos/as	31,31%	20,20%	37,37%	21,21%	24,24%	7,07%	7,07%	9,09%
A ningún/ha	5,05%	16,16%	7,07%	10,10%	12,12%	35,35%	37,37%	11,12%
Non aplica	1,01%	21,21%	0%	0%	0%	10,10%	9,09%	30,30%
Non contesta	7,08%	11,11%	9,10%	7,07%	8,08%	14,15%	13,14%	12,12%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

TÁBOA 14: CONSULTA AOS/ÁS TRABALLADORES/AS E AOS SEUS REPRESENTANTES

En todos os temas analizados, son superiores as frecuencias de consulta só aos/ás delegados/as respecto á consulta directa ao persoal. Temas como a elección de equipos de traballo e/ou EPI ou a avaliación de riscos, son os máis susceptibles de ser temas de consulta a ambos os colectivos (delegados/as de prevención e traballadores/as).

Naquelas empresas que carecen de delegados/as de prevención, o persoal debe ser directamente consultado en relación aos temas de seguridade e saúde no traballo anteriormente sinalados. A análise dos datos pon de manifesto que os aspectos que máis se consultan directamente ao persoal son, expostos de maior a menor frecuencia, os seguintes:

- Elección de equipos de traballos e/ou equipos de protección individual (EPI)
- Organización da formación
- Avaliación de riscos
- Organización da prevención de riscos laborais

Outros aspectos como a elección do servizo de prevención alleo, a elección da mutua que cobre os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais ou os postos de traballo sen riscos en caso de incompatibilidade polo embarazo, son os menos consultados ao persoal nestas circunstancias.


4.2. Recursos para a prevención dos riscos laborais

4.2.1 Modalidade de organización preventiva

Preguntouse ás empresas sobre a modalidade de organización preventiva. Como as empresas podían optar por varias modalidades para levar a cabo a actividade preventiva, poderían marcar máis dunha opción na enquisa e, en consecuencia, o tratamento dos datos realizouse como se se tratase dunha pregunta multirresposta.

A modalidade de organización preventiva predominante nas empresas galegas enquisadas é o servizo de prevención alleo (81,60%). A esta opción séguena a do servizo de prevención propio (11,20%) e a asunción por parte do/a propio/a empresario/a da actividade preventiva (8,70%). Como última opción está a do servizo de prevención mancomunado (8,20%).

GRÁFICA 14: MODALIDADE PREVENTIVA EXISTENTE NAS EMPRESAS



Ao realizar unha análise por tamaño de empresa detéctase que o servizo de prevención alleo é a modalidade preventiva predominante en todos os tramos de tamaños de empresa analizados. A persoa empresaria asume persoalmente a función de prevención de riscos nas empresas de menos de 10 traballadores/as.


O servizo de prevención propio, como cabe esperar, cobra maior importancia nas empresas a partir de 100 traballadores/as e, sobre todo, nas de 250 ou máis traballadores/as. Nestas últimas detéctase que cobra relevancia, así mesmo, a modalidade de servizo de prevención mancomunado.

FIGURAS OU RECURSOS IMPLANTADOS PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	SERVIZO PREVENCIÓN ALLEO	SERVIZO PREVENCIÓN PROPIO	SERVIZO PREVENCIÓN MANCOMUNADO	EMPRESARIO/A ASUME PERSOALMENTE
DE 1 A 9 TRABALLADORES/AS	79,31%	8,62%	3,45%	15,52%
DE 10 A 49 TRABALLADORES/AS	83,91%	3,45%	9,20%	6,90%
DE 50 A 99 TRABALLADORES/AS	95,83%	16,67%	4,17%	0%
DE 100 A 249 TRABALLADORES/AS	90,91%	36,36%	9,09%	0%
250 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	62,50%	50,00%	25,00%	0%

TÁBOA 15: FIGURAS OU RECURSOS PREVENTIVOS IMPLANTADOS PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Ao realizar a análise por sectores de actividade, conséctase que para todos eles o servizo de prevención alleo é a modalidade preventiva máis frecuente. Para o sector servizos a modalidade menos frecuente é o servizo de prevención mancomunado; e, para o sector industria, a asunción persoal por parte do/a empresario/a. No sector da construción, as únicas modalidades empregadas son o servizo de prevención alleo e o servizo de prevención propio.

GRÁFICA 15: ORGANIZACIÓN PREVENTIVA SEGUNDO
O SECTOR DE ACTIVIDADE




4.2.2 Designación de persoal

Independentemente da modalidade de organización preventiva elixida, o 57,14% das empresas confirmaron que o/a empresario/a designara un ou varios/as encargados/as da prevención de riscos laborais. Así mesmo, a análise dos datos evidencia que no 41,96% dos centros de traballo cóntase cun único traballador/a designado/a. O 64,38% dos/as traballadores/as designados/as son homes e o 35,62% mulleres.

Por sectores de actividade, débese sinalar que o 78,57% das empresas do sector construción contan cunha ou varias persoas designadas, sendo tamén unha figura representativa no sector industria (55,56% das empresas) e no sector servizos (55,46%).

No 38,39% das empresas o persoal designado xa tiña formación e experiencia en materia de seguridade e saúde no traballo no momento do nomeamento, e no 29,46% das empresas o persoal xa contaba con formación. No 13,40% das empresas o persoal designado non contaba con formación nin con experiencia previa en seguridade e saúde no traballo cando foi nomeado.


GRÁFICA 16: PREPARACIÓN PREVIA DO PERSOAL DESIGNADO



No 8,93% das empresas dáse o caso de que son varias persoas designadas e de que tiñan distinta preparación (formación ou experiencia) no momento da designación.

En canto á formación do persoal designado en materia de seguridade e saúde desde o seu nomeamento, a análise dos datos evidencia que no 71,44% das empresas si recibiu esta formación; maioritariamente, un curso de nivel básico de 30 ou 50 horas (no 27,68% das empresas). No 10,70% das empresas o persoal designado non recibiu formación en seguridade e saúde desde o seu nomeamento.

GRÁFICA 17: FORMACIÓN DO PERSOAL DESIGNADO TRAS O SEU NOMEAMENTO




No 17,86% das empresas dáse o caso de que son varias as persoas designadas e que recibiron unha formación distinta desde a súa designación.

4.2.3 Servizo de prevención propio

A modalidade de servizo de prevención propio aumenta a súa representatividade, como era de esperar e segundo o requirido legalmente, nas empresas de 250 e máis persoas traballando, pero sen chegar a ser a modalidade predominante en ningún dos tramos de tamaños de empresa.


O 50,00% das empresas de 250 ou máis traballadores/as teñen constituído un servizo de prevención propio para encargarse da seguridade e saúde. No 12,50% destas empresas este servizo é a única modalidade de organización preventiva, no 25,00% está xunto co servizo de prevención alleo e no 12,50% restante co servizo de prevención mancomunado.



Cabe destacar que o 8,62% das empresas de entre 0 e 9 traballadores/as e o 3,45% das que teñen entre 10 e 49 traballadores/as tamén contestaron que tiñan constituído un servizo de prevención propio.

Do total de empresas enquisadas que responderon que contaban cun servizo de prevención propio (como única modalidade de organización preventiva ou combinada con outras), o 77,27% apuntaron que dispoñen de persoal que realiza funcións de nivel superior, o 18,18% con persoal que realiza funcións de nivel intermedio e o 31,82% con persoal que realiza funcións de nivel básico.

Sinalaremos que o 18,18% das empresas que teñen ao servizo de prevención propio (como única modalidade preventiva ou combinada con outras) contestaron que non contan con persoal que realice funcións de nivel superior. O 4,50% das empresas descoñeceo.




Ao realizar a anterior análise soamente sobre as empresas de 250 ou máis traballadores/as (que son aquelas nas que o servizo de prevención propio pode ser obrigatorio), comprobouse que o 75,00% das empresas contestaron que contan con persoal que realiza as funcións de nivel superior.

En canto ás especialidades preventivas desenvolvidas polos servizos de prevención propio nas empresas nas que están constituídos, púidose comprobar que o 86,67% destes servizos teñen a especialidade de seguridade no traballo, o 73,33% a especialidade de ergonomía e psicosocioloxía aplicada, o 40,00% a especialidade de hixiene industrial e, último lugar e moi de lonxe, a especialidade de medicina do traballo, levada a cabo soamente nun 6,67% dos servizos de prevención propio.

O 20,00% dos servizos de prevención propio só levan a cabo unha especialidade preventiva (maioritariamente a de seguridade no traballo), o 33,33% desenvolven dúas especialidades preventivas (maioritariamente as de seguridade no traballo e ergonomía e psicosocioloxía aplicada). O 40,00% levan a cabo tres especialidades preventivas (especialmente a combinación de seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e hixiene industrial). En ningunha das empresas enquisadas o servizo de prevención propio desenvolve as catro especialidades preventivas. O 6,67% das empresas non contestaron a pregunta formulada.

Independentemente do número de especialidades preventivas que desenvolvan, a análise da información evidencia que o 86,67% dos servizos de prevención propio realizan a especialidade de seguridade no traballo, o 73,33% a especialidade de ergonomía e psicosocioloxía aplicada, o 40,00% a de hixiene industrial e só no 6,67% dos casos desenvolven a especialidade de medicina do traballo.



4.2.4 Servizo de prevención alleo


A modalidade de servizo de prevención alleo é a modalidade maioritariamente elixida polas empresas dos parques empresariais galegos (81,60%), fundamentalmente como modalidade de organización preventiva única (72,40%), aínda que tamén combinada con outras modalidades (9,20%).

O 66,25% das empresas que optaron polo servizo de prevención alleo contrataron con este as catro especialidades preventivas (seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada, hixiene industrial e medicina do traballo). O 7,50% das empresas teñen contratadas tres destas especialidades preventivas, o 12,50% dúas especialidades e o 6,25% soamente unha especialidade.

A especialidade preventiva contratada ao servizo de prevención alleo en maior medida é a hixiene industrial (86,88%), seguida da seguridade no traballo (84,38%), a medicina do traballo (75,00%) e a ergonomía e psicosocioloxía aplicada (70,63%).


NÚMERO DE ESPECIALIDADES PREVENTIVAS	% EMPRESAS
4 ESPECIALIDADES PREVENTIVAS	66,25%
3 ESPECIALIDADES PREVENTIVAS	7,50%
2 ESPECIALIDADES PREVENTIVAS	12,50%
1 ESPECIALIDADE PREVENTIVA	6,25%
NINGUNHA ESPECIALIDADE PREVENTIVA	0,62%
NS/NC	6,88%

TÁBOA 16: NÚMERO DE ESPECIALIDADES PREVENTIVAS CONTRATADAS AO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO



Das empresas que manifestaron ter contratado un servizo de prevención alleo como modalidade de organización preventiva, o 43,12% teñen contratadas as especialidades preventivas con outros servizos de prevención alleos diferentes da sociedade de prevención vinculada á mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, mentres que o 38,75% das empresas as teñen contratadas con esta sociedade de prevención. O 11,25% din terlas contratadas con ambas as entidades.

Ao realizar unha análise por especialidades, obtense que as especialidades de seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e hixiene industrial son contratadas maioritariamente a outros servizos de prevención alleos distintos da sociedade de prevención vinculada á mutua de accidentes de traballo. No caso da medicina do traballo, a resposta maioritaria é a da sociedade de prevención vinculada á mutua. É de sinalar o feito de que o 7,50% das empresas manifestan non ter contratada a especialidade de medicina do traballo.



Ao consultaren as empresas sobre as actividades específicas de prevención que lles realiza o servizo de prevención alleo (independentemente das especialidades preventivas que lles teñan contratadas), comprobouse que todas as actividades preventivas son frecuentemente contratadas polas empresas, sendo especialmente altas as porcentaxes de contratación da *avaliación de riscos e as súas actualizacións*, da *elaboración do plan de prevención*, da *planificación da actividade preventiva* e da *vixilancia médica específica*.

ACTIVIDADES PREVENTIVAS CONTRATADAS AO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO	
ELABORACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN	79,38%
PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA	78,13%
ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DERIVADA DO PLAN DE PREVENCIÓN	76,25%
AVALIACIÓN DE RISCOS E AS SÚAS ACTUALIZACIÓNS	80,63%
SEGUIMIENTO E CONTROL DA EFICACIA DAS MEDIDAS IMPLANTADAS	73,13%
VIXILANCIA MÉDICA ESPECÍFICA	76,88%
ACTUACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO COMO RECURSO PREVENTIVO DE PRESENZA OBRIGADA	40,00%
COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS EN MATERIA DE PREVENCIÓN	54,38%
INFORMACIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS	71,88%
FORMACIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS	76,25%
CONTROL PERIÓDICO DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO E DA ACTIVIDADE DOS/AS TRABALLADORES/AS	72,50%
INVESTIGACIÓN DE ACCIDENTES DE TRABALLO	73,75%
ELABORACIÓN E CONTROL DAS MEDIDAS DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA	71,25%
ELABORACIÓN DA MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES PREVENTIVAS	75,63%
OUTRA ACTIVIDADE	7,50%


TÁBOA 17: ACTIVIDADES PREVENTIVAS CONTRATADAS AO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO

Cando se consulta ás empresas sobre o seu grao de satisfacción coas actuacións do servizo de prevención alleo contratado, afirman, de media, nun 81,34% que están *moi satisfeitas ou satisfeitas* co traballo realizado polo servizo de prevención alleo.

As actuacións avaliadas foron as seguintes:


- Facilidade para realizarlle consultas
- Rapidez nas súas respostas
- Cumprimento coas actividades contratadas
- Cumprimento coa planificación prevista
- Tempo de dedicación
- Aplicabilidade das solucións e medidas preventivas recomendadas

Ao analizar individualmente as distintas actuacións realizadas polos servizos de prevención, gráfica 23, obtense que, aínda que todas as actuacións están bastante ben valoradas, a mellor valorada é a *facilidade para realizar consultas ao servizo de prevención* (o 88,13% das empresas están *satisfeitas ou moi satisfeitas*). A actuación peor valorada é o *tempo de dedicación*, cun 21,88% das empresas *pouco ou nada satisfeitas*.



Se se analiza a satisfacción das empresas coa actuación do servizo de prevención en relación co tamaño das mesmas, obsérvase que, en xeral, a maior tamaño da empresa (maior cadro de persoal), maior é a insatisfacción coas actuacións do servizo de prevención, a excepción do tramo de entre 100 e 249 traballadores/as.

GRÁFICA 24: SATISFACCIÓN DO CENTRO DE TRABAÑO COAS ACTIVIDADES DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO SEGUNDO O TAMAÑO DO CADRO DO PERSOAL. CATEGORÍA DE RESPÓSTAS "POUCO" E "NADA SATISFACTORIO"




O 10,07% das empresas de menos de 10 traballadores/as están pouco ou nada satisfeitas, de media, coas actuacións do servizo de prevención alleo, mentres que para o tramo de 10 a 49 traballadores/as a insatisfacción co servizo ascende a un 13,09%. O 17,46% das empresas cun número de persoas traballando comprendido entre 50 e 99 non están satisfeitas coas actuacións do servizo de prevención, e para as empresas con 250 ou máis traballadores/as obsérvase un 41,67% de empresas pouco ou nada satisfeitas. Como excepción, cómpre destacar que o grupo de empresas pertencentes ao tramo de entre 100 e 249 traballadores/as é o que menor insatisfacción presenta, un 2,78% das empresas están pouco ou nada satisfeitas coas actuacións do servizo de prevención.

Cabe destacar que para todos os tamaños de empresas a actuación peor valorada é o tempo de dedicación por parte do servizo de prevención e a mellor valorada é a facilidade para realizar consultas.

Ao analizar a satisfacción dos centros por sector de actividade detéctase que o sector da construción é o máis satisfeito coas accións do servizo de prevención alleo mentres que o sector industria é o menos satisfeito. Aínda así, os centros deste último sector presentan unha satisfacción media de 61,90%. Igual que nas análises anteriores, a actuación máis valorada en todos os sectores é a facilidade para realizar consultas, cunha media de 77,76%, e a menos valorada o tempo de dedicación, cun 59,59%. No caso do sector da construción, valórase de forma moi positiva o cumprimento coas actividades contratadas e coa planificación prevista, ademais da facilidade para realizar consultas, cun 92,86% das empresas satisfeitas.

GRÁFICA 25: SATISFACCIÓN DO CENTRO DE TRABALO COAS ACTIVIDADES DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO SEGUNDO O TAMAÑO DO CADRO DO PERSOAL. CATEGORÍA DE RESPÓSTAS "SATISFACTORIO" E "MOI SATISFACTORIO"





4.2.5 Outras figuras preventivas

RECURSOS PREVENTIVOS PRESENTES:

Cando se consulta ás empresas se contan con persoal encargado de ter recursos preventivos presentes durante a realización de actividades ou procesos que regulamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais, o 62,80% destas afirman non dispoñer desta figura, fronte ao 37,20% que si recoñecen a existencia destes recursos.

Por sectores de actividade podemos ver que, segundo o esperado, estes recursos preventivos están máis presentes nos sectores da construción e da industria por ser os sectores nos que se realizan máis frecuentemente actividades consideradas como perigosas ou con risco especial.

GRÁFICA 26: RECURSOS PREVENTIVOS PRESENTES DURANTE ACTIVIDADES PERIGOSAS OU CON RISCOS ESPECIAIS




PERSOAL ENCARGADO DA COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS:

A coordinación de actividades empresariais realízase cando se dá algunha das seguintes situacións contempladas no Real Decreto 171/2004 polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

- Concorrenza de persoal de varias empresas nun mesmo centro de traballo
- Concorrenza de persoal de varias empresas nun centro de traballo do que un/unha empresario/a é titular
- Concorrenza de persoal de varias empresas nun centro de traballo cando existe un/unha empresario/a principal


Do total de empresas enquisadas, o 42,35% delas afirman dispor de persoal encargado da coordinación das actividades empresariais. A frecuencia da presenza desta figura é moi similar en todos os sectores de actividade analizados (construción, industria e servizos).

GRÁFICA 28: PERSOAL ENCARGADO DA COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS



■ HAI TRABALLADORES ENCARGADOS DAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS
■ NON HAI TRABALLADORES ENCARGADOS DAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

GRÁFICA 29: PERSOAL ENCARGADO DA COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS POR SECTOR DE ACTIVIDADE



COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE EN OBRA (APLICABLE A EMPRESAS DE CONSTRUCCIÓN):


Das empresas do sector construción presentes nos polígonos industriais analizados, o 57,10% delas afirman contar coa figura do coordinador de seguridade e saúde en obra, fronte ao 42,90% que non o fan.

Sorprende que o 4,20% das empresas do sector servizos e o 3,17% das empresas do sector industria afirmen contar con esta figura preventiva, cando son sectores nos que non ten aplicación.


Realizando unha análise da presenza de todas estas figuras preventivas (non excluíntes) nos tres sectores de actividade analizados (construción, industria e servizos), vemos que é no sector construción no que son máis frecuentes, seguido do sector industria. Ambos os sectores son os máis relacionados con actividades de risco ou os que precisan a coordinación en caso de concorrencia de actividades empresariais para evitar os riscos derivados desta concorrencia. Así mesmo, podemos ver que no sector construción sempre está presente algunha das figuras preventivas.

Amósanse estes resultados na seguinte gráfica:

GRÁFICA 30: PRESENZA DO PERSOAL COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS EMPRESAS DO SECTOR CONSTRUCCIÓN



GRÁFICA 31: PRESENZA DOUTRAS FIGURAS PREVENTIVAS NOS SECTORES DE ACTIVIDADE ANALIZADOS





5-(Actividades preventivas)

5.1. Avaliación de riscos


A avaliación de riscos ten por obxecto a valoración dos riscos laborais segundo as consecuencias e probabilidade de que aconteza o accidente ou a enfermidade profesional, sobre a base de normas técnicas comunmente establecidas e que permiten asignar un plan de intervención para os riscos que non se poidan evitar.

O que se pretende a partir da avaliación inicial de riscos é intervir para eliminar ou reducir os riscos no centro de traballo e así establecer una adecuada política de xestión de riscos laborais entre o persoal traballador.

O artigo 16 da Lei de Prevención de Riscos Laborais especifica que o/a empresario/a deberá realizar unha avaliación dos riscos para a seguridade e saúde do persoal. Dita avaliación debe realizarse con carácter xeral en función da natureza dos postos de traballo, das persoas que deban desempeñalos, e tendo en conta a elección dos equipos de traballo, substancias ou produtos utilizados e o propio acondicionamento dos lugares de traballo.

Cando se consulta ás empresas sobre a realización da avaliación de riscos no centro de traballo, obtense que case a totalidade das empresas realizaron a avaliación de riscos en todo o centro, un 94,90% do total, e unicamente un 1,02% non realizou a avaliación e non a teñen previsto realizar (gráfica 32).



GRÁFICA 32: REALIZACIÓN DE AVALIACIÓN DE RISCOS



Ao analizar a realización da avaliación de riscos polo tamaño do equipo de traballo, detéctase que son as empresas con menos persoal as que presentan un maior número de casos de non realización. De feito, a totalidade das empresas que non levaron a cabo esta avaliación teñen menos de 49 traballadores/as no seu equipo. Un 6,40% dos centros que contan con menos de 9 traballadores/as non a realizaron, non obstante, a metade destes si a teñen prevista.

A seguinte categoría con máis casos que non realizou a avaliación de riscos é a que ten entre 10 e 49 empregados/as, pero neste caso o número de centros é menor, un 1,14% das empresas. Cabe destacar que estas empresas teñen, todas elas, prevista a súa realización.

Do grupo de empresas con máis de 50 traballadores/as, todas elas realizaron a avaliación de riscos, ou ben a estaban realizando no momento da consulta.



Ao analizar a realización da avaliación de riscos nas empresas por sector, detéctase que unicamente é o sector servizos o que conta con algún centro que non a realizou, un 4,17% das empresas. Destas, o 2,50% ten prevista a súa realización e un 1,67% non.

Ante a pregunta de se se tivo en conta na avaliación de riscos a presenza de traballadoras que puideran estar en situación de embarazo ou parto recente que se vexan afectadas polas condicións do posto, obtense que un 56,38% das empresas si o tiveron en conta, un 42,55% non o tiveron en conta porque non se deu esa circunstancia, e tan só un 1,07% non o tivo en conta. Amósase na seguinte gráfica a distribución das empresas segundo tiveran en conta ou non esta circunstancia.

TÍVOSE EN CONTA NA AVALIACIÓN DE RISCOS A PRESENZA DE TRABALLADORAS QUE POIDAN ESTAR EN SITUACIÓN DE EMBARAZO OU PARTO RECENTE E SE VEXAN AFECTADAS POLAS CONDICIÓN DO POSTO?		CENTROS DE TRABAJO
Si, tívose en conta	56,38%	
Non se deu esta circunstancia	42,55%	
Non	1,07%	
Total	100%	

TÁBOA 18: EMPRESAS QUE TIVERON EN CONTA A SITUACIÓN DE EMBARAZO AO REALIZAR A AVALIACIÓN DE RISCOS


Ao examinar se se tivo en conta na avaliación de riscos a presenza de traballadoras que poidan estar en situación de embarazo ou parto recente e se vexan afectadas polas condicións do posto segundo o tamaño do equipo de traballo, obtense que o único grupo de empresas nas que non se tivo en conta esta circunstancia é o de menos de 9 traballadores/as, nun 3,43% .

Non obstante, os centros con máis de 100 traballadores/as foron os que máis tiveron en conta esta circunstancia, un 85,71% das empresas.


No sector da construción, no 71,43% das empresas non se deu a circunstancia da existencia de traballadoras en situación de embarazo ou parto recente, debido á

escasa presenza das mulleres no sector. Non obstante, tampouco se detectou ningún caso no que non se tivera en conta a circunstancia anterior.

Detéctanse un maior número de casos nos que se considerou a presenza de traballadoras en situación de embarazo ou parto recente na industria, un 55,74% das empresas, e no sector servizos, un 60,18% das empresas. Cabe destacar que tan só un 1,77% das empresas do sector servizos non tiveron en conta dita circunstancia.



GRÁFICA 36: DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS SEGUNDO A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS TENDO EN CONTA A EXISTENCIA DE TRABALLADORAS EN SITUACIÓN DE EMBARAZO OU PARTO RECENTE E POR SECTOR



Por último, a avaliación de riscos debe permitir unha adecuada actualización dos datos cando as condicións persoais do/a traballador/a, as do posto de traballo, ou os avances tecnolóxicos o demanden. Por esa razón, consultouse ás empresas se revisaron a avaliación de riscos cando estes se puideron ver afectados polas seguintes situacións:


- A elección dos equipos de traballo
- A elección das substancias ou preparados químicos
- A modificación no acondicionamento dos lugares de traballo

- O cambio das condicións de traballo
- A incorporación de persoal con características persoais ou estado biolóxico coñecido que o fai especialmente sensible ás condicións do posto de traballo
- Producíronse danos para a saúde (accidentes e/ou enfermidades)
- Apréciase, a través dos controis periódicos, que as actividades de prevención non son adecuadas ou son insuficientes

NESTE CENTRO DE TRABAJO, INDIQUE SE SE TEN REVISADO A AVALIACIÓN DE RISCOS CANDO ESTES RISCOS SE PUIDERON VER AFECTADOS POR:	FÍXOSE	NON SE DEU ESTA CIRCUNSTANCIA	NON SE SE FIXO	NS/NC
Elección dos equipos de traballo	60,64%	32,98%	5,32%	1,06%
Elección das substancias ou preparados químicos	29,79%	63,30%	5,85%	1,06%
Modificación no acondicionamento dos lugares de traballo	58,51%	36,17%	4,26%	1,06%
Cambio das condicións de traballo	46,81%	47,87%	4,26%	1,06%
Incorporación de persoal con características persoais que o fagan especialmente sensible ás condicións do posto	19,15%	73,94%	5,85%	1,06%
Producíronse danos para a saúde (accidentes e/ou enfermidades)	39,36%	54,26%	5,32%	1,06%
Apréciase que as actividades de prevención non son adecuadas ou suficientes	35,11%	60,64%	3,19%	1,06%

TÁBOA 19: REVISIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS EN FUNCIÓN DE VARIAS CIRCUNSTANCIAS

GRÁFICA 37: REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS ORIXINADAS POR UNHA SERIE DE CIRCUNSTANCIAS QUE AFECTARON OS RISCOS



Cando se lle consulta ás empresas se a avaliación de riscos foi revisada cando estes riscos se puideron ver afectados pola elección dos equipos de traballo, un 60,64% das empresas afirman que si se revisou a avaliación de riscos, un 5,32% das empresas non o fixo, e nun 32,98% non se deu esta circunstancia. Cabe destacar que esta situación foi a que máis tiveron en conta as empresas á hora de revisar a avaliación de riscos.


A seguinte situación en número de empresas que revisaron a súa avaliación de riscos foi a modificación do acondicionamento dos lugares de traballo. Un 58,51% das empresas revisaron a avaliación de riscos cando se deu esta circunstancia, e un 4,26% non o tiveron en conta.

A realización de cambios nas condicións de traballo é a seguinte razón que dá lugar a que nos centros de traballo se revise a avaliación de riscos. Para un 46,81% das empresas esta circunstancia deu lugar á revisión da avaliación de riscos, mentres que para o 4,26% non.


O 39,36% das empresas consultadas afirman que revisaron a avaliación de riscos cando se produciron danos para a saúde; por outra banda, un 5,23% afirma que non se revisaron neste caso. No caso de que no centro de traballo se detectase, a través de controis periódicos, que as actividades de prevención son inadecuadas ou insuficientes, o 35,11% manifestou que se revisou a avaliación de riscos e un 3,19% que non o fixo. Por último, a incorporación dun/dunha traballador/a con características persoais ou estado biolóxico coñecido que o fai especialmente sensible ás condicións do posto deu lugar a que un 19,15% das empresas revisase a avaliación de riscos mentres que un 5,85% non o fixo.

Ao estudar a realización da revisión da avaliación de riscos ante a ocorrencia de distintas situacións que puideron afectar os riscos segundo o tamaño do equipo de traballo, detéctase que a meirande parte das opcións seguen a mesma pauta. Ao aumentar o tamaño da empresa, increméntase a porcentaxe de empresas que fixeron a revisión da avaliación. Por outra banda, as empresas con menos de 99 traballadores/as son as que presentan a maior porcentaxe de centros que non realizaron unha revisión da avaliación de riscos. Evidénciase, ademais, que co tamaño da empresa (número de persoas traballando) elévase a porcentaxe de empresas nas que ocorreron as distintas circunstancias anteriores.


GRÁFICA 38: CENTROS POR TAMAÑO DO CADRO DE PERSOAL SEGUNDO A REVISIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS CANDO ESTES SE VIRON AFECTADOS POLA ELECCIÓN DE SUBSTANCIAS OU PREPARADOS QUÍMICOS



GRÁFICA 39: CENTROS POR TAMAÑO DO CADRO DE PERSOAL SEGUNDO A REVISIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS CANDO ESTES SE VIRON AFECTADOS POR UNHA MODIFICACIÓN NOS LUGARES DE TRABALO




GRÁFICA 40: CENTROS POR TAMAÑO DO CADRO DE PERSOAL SEGUNDO A REVISIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS CANDO ESTES SE VIRON AFECTADOS POLA INCORPORACIÓN DUN TRABALLADOR CON CARACTERÍSTICAS PERSOAIS QUE O FAN SENSIBLE ÁS CONDICIÓN DO POSTO



No que respecta á análise por sector principal, obsérvase que ante a pregunta de se se revisou a avaliación de riscos debido a que estes se puideron ver afectados pola elección dos equipos de traballo, o 78,57% das empresas do sector da construción manifesta ter realizado a revisión da avaliación de riscos, igual que o 77,05% das empresas do sector industria e un 49,56% do sector servizos. Esta baixa porcentaxe de realización da revisión débese a que nas empresas non se deu esta circunstancia, nun 45,13% das empresas de servizos os riscos non se viron afectados.


Por outra parte, o sector que presenta unha maior porcentaxe de casos de non revisión da avaliación de riscos cando estes se viron afectados pola elección dos equipos de traballo é a construción cun 14,29%, seguido polo sector servizos cun 5,31% de casos e da industria cun 3,28%. Amósanse estes resultados no seguinte gráfico:



Ao consultar ás empresas sobre se realizaron a revisión da avaliación de riscos cando estes se puideron ver afectados pola elección de substancias ou preparados químicos, evidénciase que o sector máis afectado por esta circunstancia foi o sector industria. Esta situación non se produciu no 70,80% das empresas de servizos, no 64,29% das empresas da construción e no 49,18% das empresas industriais.


Ao verse máis afectado por esta circunstancia, o sector industria foi o que presentou unha maior porcentaxe de casos nos que se fixo a revisión da avaliación de riscos, un 42,62% das empresas. Na construción un 28,57% das empresas fixeron a revisión e no sector servizos un 23,01%.

Os tres sectores presentan casos nos que non se fixo a revisión da avaliación de riscos cando estes se puideron ver afectados pola elección das substancias ou preparados químicos. Un 7,14% das empresas do sector da construción non realizaron esta revisión, mentres que no sector servizos esta porcentaxe é de 6,19%, e 4,92% na industria.




Ante a pregunta de se se revisou a avaliación de riscos cando estes se puideron ver afectados pola modificación no acondicionamento dos lugares de traballo, o 70,49% das empresas do sector da construción manifestan realizar dita revisión, ao igual que o 50,44% do sector industria e o 58,51% dos centros do sector servizos. Pola contra, o 4,42% das empresas do sector industria e o 4,26% dos centros do sector servizos afirman non realizar a revisión da avaliación de riscos cando as modificacións no acondicionamento dos lugares de traballo puideron afectar os riscos.

O sector con menor porcentaxe de empresas nas que non se deu esta circunstancia foi a construción, seguido do sector servizos, cun 36,17% de empresas, e do sector industria, cun 45,13%.



O sector que viu menos afectados os riscos debido a cambios nas condicións de traballo foi o sector servizos, cun 56,64% de empresas non afectadas, seguido do 39,34% das empresas do sector industria e do 14,29% da construción. Por esa razón, o sector máis afectado é o que conta cunha maior proporción de empresas que realizaron a revisión da avaliación de riscos. De feito, o 71,43% das empresas da construción realizaron esta revisión, seguido do sector industria cun 57,38% e do sector servizos cun 38,05%.


Dous sectores manifestaron contar con casos nos que non se realizou a revisión da avaliación de riscos. Foron o sector da construción, que presentou a maior porcentaxe cun 14,29%, e o sector servizos, cun 5,31%.



A incorporación de persoal con características individuais que o fagan especialmente sensible ás condicións do posto de traballo é a circunstancia que menos afecta aos centros de traballo dos tres sectores estudados. O 79,65% das empresas do sector servizos afirman non verse afectadas por esta circunstancia, ao igual que o 71,43% das empresas do sector da construción e o 63,93% as empresas do sector industria. Estas altas porcentaxes estarían relacionadas coas baixas porcentaxes do número de empresas, por sector, que si realizaron a revisión da avaliación de riscos. De feito, o sector que presenta a maior porcentaxe de empresas que realizaron a avaliación é a industria, cun 29,51%, seguido da construción, cun 21,43%, e do sector servizos, cun 13,27%.

Todos os sectores manifestan ter empresas que se viron afectadas por esta circunstancia e non realizaron a revisión da avaliación de riscos. O 7,14% dos centros da construción, o 3,28% do sector industria e o 7,08% do sector servizos non fixeron esta revisión.

GRÁFICA 45: REVISIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS ORIXINADA POLA INCORPORACIÓN DE PERSOAL CON CARACTERÍSTICAS INDIVIDUAIS QUE O FAN SENSIBLE ÁS CONDICIÓN DO POSTO DE TRABAJO




Cando se consulta ás empresas se realizaron a revisión da avaliación de riscos cando se produciron danos para a saúde, evidénciase que o sector máis afectado por esta circunstancia foi o da industria. Esta situación non se produciu no 64,60% das empresas de servizos, no 57,14% das empresas da construción nin no 34,43% das empresas industriais.

Ao verse máis afectado por esta circunstancia, o sector industria é o que presenta unha maior porcentaxe de casos en que se fixo a revisión da avaliación de riscos, un 57,38% das empresas. Na construción, un 42,86% das empresas fixeron a revisión e no sector servizos un 29,20%.


Os sectores industria e servizos presentan casos nos que non se fixo a revisión da avaliación de riscos cando se produciron danos para a saúde. Un 6,19% das empresas do sector servizos non realizaron esta revisión, mentres que na industria esta porcentaxe é dun 4,92%.

GRÁFICA 46: REVISIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS ORIXINADA POLA PRODUCCIÓN DE DANOS PARA A SAÚDE



Cando se aprecia, a través de controis periódicos, que as actividades de prevención non son adecuadas ou insuficientes, o 42,86% das empresas do sector da construción afirman ter realizado a revisión da avaliación de riscos, ao igual que o 40,98% das empresas do sector industria e o 30,97% das empresas de servizos. Pola contra, os tres sectores analizados manifestan ter empresas que se viron afectadas por esta circunstancia e non realizaron a revisión da avaliación de riscos. O 7,14% dos centros da construción, o 1,64% do sector industria e o 3,54% do sector servizos non a fixeron.

Por outra banda, o sector que menos se viu afectado por esta circunstancia foi o sector servizos, cun 65,49% das empresas, seguido do sector industria, cun 54,10% das empresas, e da construción, cun 50,00%.



Consultouse ás empresas se durante os últimos dous anos se avaliaron no centro de traballo os seguintes aspectos:


- Seguridade das máquinas, equipos, materiais e instalacións de traballo
- Substancias ou produtos químicos perigosos, nocivos ou tóxicos
- Posturas de traballo, esforzos físicos e movementos repetitivos
- Axentes biolóxicos (bacterias, protozoos, virus, fungos e parasitos)
- Axentes físicos (ruídos, vibracións, radiacións, temperatura e humidade, etc.)
- Deseño do lugar de traballo (mobiliario, espazo, superficies, etc.)
- Aspectos psicosociais e organizativos (horario, pausas, ritmo, estrés, etc.)

De forma global, unha media de 75,80% das empresas enquisadas avaliaron os aspectos anteriores; máis concretamente, unha media de 36,22% empresas avaliaron estes aspectos pero non tomaron medidas, xa que non facía falta; un 4,88% fixeron a avaliación e están estudando establecer medidas correctoras, un 34,69% avaliaron os aspectos anteriores e tomaron as medidas oportunas, un 23,47% non fixeron a avaliación, e un 0,74% non contestou a esta cuestión.


Os aspectos máis avaliados foron a *seguridade das máquinas, equipos, materiais e instalacións de traballo* e as *posturas de traballo, esforzos físicos e movementos repetitivos*. En ambos os dous casos, o 91,84% das empresas avaliaron estes aspectos. O 48,98% das empresas enquisadas avaliaron a seguridade das máquinas, equipos, materiais e instalacións de traballo, e tomaron as medidas oportunas; o 35,71% avaliaron pero non tomaron medidas porque non era necesario; e o 7,14% avaliou e está estudando as medidas a adoptar. O 45,41% das empresas avaliaron as posturas de traballo, esforzos físicos e movementos repetitivos e tomaron as medidas oportunas, o 40,31% non tomou ningunha medida porque non fixo falta, e o 6,12% está estudando que medidas adoptar.

O aspecto que menos avaliaron nos centros foron os axentes biolóxicos, cun 57,69% de empresas que non realizaron a avaliación, seguido dos aspectos psicosociais e organizativos cun 34,69% de empresas que tampouco a fixeron.

GRÁFICA 48: DISTRIBUCIÓN DE EMPRESAS SEGUNDO SE REALICE A AVALIACIÓN DUNHA SERIE DE ASPECTOS NO CENTRO DE TRABALLO




GRÁFICA 49: DISTRIBUCIÓN DE EMPRESAS QUE NON REALIZARON A AVALIACIÓN DUNHA SERIE DE ASPECTOS NO CENTRO DE TRABAÑO POR TAMAÑO DO CADRO DE PERSOAL




Polo que respecta a análise por sector, cabe dicir que o sector que menos avaliou estes aspectos foi a construción, cunha media de 39,80% empresas sen avaliación; seguido do sector servizos, cun 23,89%, e da industria, cun 19,05%.

O aspecto máis avaliado na construción foron as posturas de traballo, esforzos físicos e movementos repetitivos; na industria foron as posturas de traballo, esforzos físicos e movementos repetitivos e a seguridade das máquinas, equipos, materiais e instalacións de traballo, e no sector servizos a seguridade das máquinas, equipos, materiais e instalacións de traballo. O aspecto menos avaliado para a totalidade dos sectores foron os axentes biolóxicos.


A protección do persoal fronte aos riscos laborais complétase coa información que se lle achega ao persoal dirixida a que teñan un mellor coñecemento tanto do alcance real dos riscos derivados do traballo como da forma de prevelos e evitalos, de maneira adaptada ás peculiaridades de cada centro de traballo, ás características das persoas que nel desenvolven a súa prestación laboral e á actividade concreta que realizan. Por ese motivo, consúltase ás empresas se se informa os/as traballadores/as dos resultados da avaliación de riscos que afecta ao seu posto de traballo ou función.



GRÁFICA 51: INFORMACIÓN AOS/ÁS TRABALLADORES/AS SOBRE AVALIACIÓN DE RISCOS



GRÁFICA 52: INFORMACIÓN AOS/ÁS TRABALLADORES/AS SOBRE AVALIACIÓN DE RISCOS POR TAMAÑO DO CADRO DE PERSOAL



Ao analizar segundo o tamaño do equipo de traballo se se informa o persoal dos resultados da avaliación de riscos, evidénciase que a porcentaxe de empresas que informa o persoal é bastante elevado para todos os grupos.

Ante esta cuestión, a meirande parte das empresas afirman que informan o seu persoal dos resultados da avaliación de riscos que afectan ao seu posto de traballo ou función. Unicamente, un 7,98% das empresas manifestan non informalos sobre este tema (ver gráfica 51).


O 100% dos centros con 250 ou máis traballadores/as manifestan informar o seu persoal da avaliación de riscos que afecta ao seu posto de traballo. As empresas con menos de 10 traballadores/as informaron o seu persoal no 89,66% dos casos. Esta porcentaxe aumentou para as empresas cun número de traballadores/as comprendido entre 10 e 49, e entre 50 e 99. Para o primeiro grupo, o número de centros que informan o seu persoal da avaliación de riscos é do 92,94% e para o segundo grupo é de 95,65%. O grupo cunha porcentaxe de empresas inferior é o do rango de 100 a 249 traballadores/as, cun 71,43%.

Ao observar o comportamento das empresas segundo o sector ao que pertencen, evidénciase que o sector da construción é o sector que máis informou o persoal sobre os resultados da avaliación de riscos. O 100% das empresas deste sector informaron o persoal, non obstante, na industria e no sector servizos detéctanse casos nos que non se informou. O 11,50% das empresas de servizos non informaron o seu persoal, e o 3,28% das empresas do sector industria tampouco o fixo.

INFORMACIÓN AO PERSOAL DAS EMPRESAS SOBRE A AVALIACIÓN DE RISCOS POR SECTOR	CONSTRUCCIÓN	INDUSTRIA	SERVIZOS
Non	0%	3,28%	11,50%
Si	100,00%	96,72%	88,50%

TÁBOA 20: INFORMACIÓN O SEU PERSOAL DA AVALIACIÓN DE RISCOS, POR SECTOR

Ante a pregunta de quen é a persoa ou as persoas que informan o persoal da empresa dos resultados da avaliación de riscos do seu posto e o modo en que se informa (verbalmente ou por escrito), obtense que no 55,09% dos casos informa unicamente unha persoa. Indícase a continuación a desagregación desta porcentaxe de acordo coas persoas que informan dos resultados da avaliación.



Un 13,17% das empresas comunican ao persoal os resultados da avaliación de riscos a través do/a empresario/a. O 4,80% das empresas afirman que quen informou o persoal foi o/a xefe/a directo/a. O 9,58% indica que foi o/a delegado/a de prevención que informou o persoal. Un 13,77% de centros afirman que foi o persoal técnico do servizo de prevención, e un 13,77% manifesta que foi a persoa designada.

Por outra banda, o 29,94% das empresas afirman informar o persoal a través de dúas persoas, e un 14,37% fano a través de máis de dúas persoas.

En canto ao modo de comunicar os resultados da avaliación de riscos, cómpre apuntar que o 30,54% das empresas o fan exclusivamente de maneira verbal, o 33,53% por escrito, e o 35,33% tanto verbalmente coma por escrito.

COMUNICACIÓN VERBAL	COMUNICACIÓN POR ESCRITO	COMUNICACIÓN POR ESCRITO E VERBALMENTE	NS/NC
30,54%	33,53%	35,33%	0,60%

TÁBOA 21: MEDIO PARA COMUNICAR OS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS

Se se analiza o número de persoas que comunican ao persoal os resultados da avaliación de riscos segundo o tamaño do equipo de traballo, evidénciase que a medida que aumenta o tamaño do centro de traballo, aumenta a porcentaxe de empresas que facilitan a información sobre a avaliación de riscos a través de varias persoas.

Un 66,00% das empresas de menos de 10 traballadores/as informan dos resultados da avaliación de riscos a través dunha única persoa. Esta porcentaxe vaise reducindo co tamaño da empresa, de xeito que para as empresas de 250 ou máis traballadores/as tan só o 14,29% das empresas comunican os resultados da avaliación a través dunha única persoa.

COMUNICACIÓN DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS AOS TRABALLADORES/AS	DE 1 A 9 TRABALLADORES/AS	DE 10 A 49 TRABALLADORES/AS	DE 50 A 99 TRABALLADORES/AS	DE 100 A 249 TRABALLADORES/AS	250 OU MÁIS TRABALLADORES/AS
Informa unha persoa	66,00%	57,14%	42,86%	40,00%	14,29%
Informan varias persoas	34,00%	42,86%	57,14%	60,00%	85,71%

TÁBOA 22: NÚMERO DE PERSOAS QUE INFORMAN OS/AS TRABALLADORES/AS DA AVALIACIÓN DE RISCOS


En canto á forma de comunicación da avaliación de acordo co tamaño da empresa (número de persoas no cadro de persoal), obsérvase que as empresas que comunican os resultados da avaliación de riscos exclusivamente de forma verbal son na súa totalidade empresas con menos de 99 traballadores/as: o 38,00% das empresas teñen menos de 10 traballadores/as, o 33,77% das empresas entre 10 e 49, e o 19,05% das empresas entre 50 e 99. Evidénciase, polo tanto, que a comunicación verbal da avaliación increméntase cando se reduce o tamaño da empresa.

Por outra parte, detéctase que a porcentaxe de empresas que comunican os resultados da avaliación de riscos tanto verbalmente como por escrito, parece elevarse co tamaño da empresa, a excepción do grupo de empresas que teñen entre 100 e 249 traballadores/as, que contan cunha porcentaxe inferior ás empresas de entre 50 a 99 traballadores/as. O 71,43% das empresas de 250 ou máis empregados/as comunican a avaliación de riscos por escrito e verbalmente, fronte ao 26,00% de empresas de menos de 10 traballadores/as que empregan esta tipoloxía de comunicación.


MODO DE COMUNICACIÓN DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS AOS TRABALLADORES/AS	DE 1 A 9 TRABALLADORES/AS	DE 10 A 49 TRABALLADORES/AS	DE 50 A 99 TRABALLADORES/AS	DE 100 A 249 TRABALLADORES/AS	250 OU MÁIS TRABALLADORES/AS
Por escrito e verbalmente	26,00%	31,17%	57,14%	40,00%	71,43%
Por escrito	36,00%	33,77%	23,81%	60,00%	28,57%
Verbalmente	38,00%	33,77%	19,05%	0,00%	0,00%
NS/NC	0,00%	1,29%	0,00%	0,00%	0,00%

TÁBOA 23: MEDIO PARA COMUNICAR OS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS, SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

Se se estuda de forma global cal é a persoa que máis veces comunica os resultados da avaliación de riscos, apréciase que esta figura é o persoal técnico do servizo de prevención, seguido do/a empresario/a, mentres que a figura menos empregada para comunicar a avaliación é o/a xefe/a directo/a. De feito, un 43,71% das empresas manifestan que o técnico de servizo de prevención é a persoa ou unha das persoas que comunica ao persoal da empresa a avaliación de riscos, mentres que o 22,16% das empresas afirman que o/a xefe/a directo/a é a persoa ou unha das persoas que comunica os riscos.



GRÁFICA 55: DISTRIBUCIÓN DE CENTROS SEGUNDO QUIEN INFORMA AOS TRABALLADORES DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS POR SECTOR



Ao analizar cal é a persoa que comunica os resultados da avaliación de riscos en relación co tamaño da empresa (número de persoas do cadro de persoal), resulta que para os centros con menos de 10 traballadores/as a figura máis habitual é o/a empresario/a (un 40,32% das empresas); para os centros cun número de traballadores/as comprendido entre 10 e 49 a figura máis habitual para comunicar os riscos é o persoal designado (36,36%); para os centros cun número de traballadores/as comprendido entre 50 e 99 a figura máis habitual é o/a delegado/a de prevención (47,83%) e, por último, o técnico do servizo de prevención é a figura máis empregada para comunicar a avaliación de riscos para as empresas con máis de 100 traballadores/as.

PERSOA QUE COMUNICA OS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS AOS/ÁS TRABALLADORES/AS	DE 1 A 9 TRABALLADORES/AS	DE 10 A 49 TRABALLADORES/AS	DE 50 A 99 TRABALLADORES/AS	DE 100 A 249 TRABALLADORES/AS	250 OU MÁIS TRABALLADORES/AS
Informa o/a empresario/a	40,32%	29,55%	26,09%	0,00%	0,00%
Informa o/a xefe/a directo/a	16,13%	17,05%	26,09%	0,00%	0,00%
Informa o/a delegado/a prevención	16,13%	27,27%	47,83%	12,50%	28,57%
Informa o/a técnico/a do servizo de prevención	33,87%	35,23%	34,78%	37,50%	85,71%
Informa o/a traballador/a designado/a	16,13%	36,36%	34,78%	25,00%	14,29%

TÁBOA 24: PERSOA ENCARGADA DE COMUNICAR OS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS

Se se estuda cal é a persoa que comunica os resultados das avaliacións de riscos por sector, obtense que a figura máis empregada para os tres sectores é o técnico do servizo de prevención. A persoa menos habitual para esta comunicación é o/a xefe/a directo/a para o sector servizos e industria, e a persoa designada para a construción.


5.2. O recoñecemento médico

O recoñecemento médico constitúe o procedemento base para a detección precoz de danos á saúde do persoal da empresa como consecuencia da exposición a riscos de diferente natureza no seu contorno laboral. A especificidade do recoñecemento médico, adaptado aos riscos aos que está exposto o persoal da empresa, constitúe un dos valores que se promoven desde o marco normativo de protección da saúde dos traballadores e traballadoras.

A Lei de Prevención de Riscos Laborais (Lei 31/1995, do 8 de novembro) e a súa normativa de desenvolvemento, e, en concreto, o seu artigo 22, *Vixilancia da saúde*, obriga a que o/a empresario/a garanta a todo o colectivo traballador a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao posto de traballo.

O que se pretende neste apartado é reflectir o grao de implantación do recoñecemento médico como actividade preventiva, así como a súa natureza e a súa variabilidade en función das características da empresa. Por ese motivo pregúntase ás empresas se lle ofreceu ao persoal a posibilidade de pasar un recoñecemento médico no último ano.

GRÁFICA 56: DISTRIBUCIÓN DE EMPRESAS SEGUNDO A POSIBILIDADE QUE TÊNEN OS/AS TRABALLADORES/AS DE PASAR UN RECOÑECEMENTO MÉDICO




Ante esta consulta, o 96,93% das empresas enquisadas responden que se lle facilitou esta posibilidade ao persoal. Máis concretamente, o 59,69% das empresas manifestan que ofreceron a posibilidade de pasar un recoñecemento específico en función dos riscos laborais; un 37,24% das empresas, ofreceron un recoñecemento médico xeral, e tan só un 3,07% non brindou esta posibilidade.

Cando se analiza por tamaño do cadro de persoal as posibilidades dos/as traballadores/as para pasar o recoñecemento médico, evidénciase que o 100% das empresas con máis de 100 persoas no cadro de persoal ofreceron esta posibilidade. De feito, o 100% das empresas con 250 ou máis persoas no cadro de persoal ofreceron un recoñecemento específico, mentres que o 62,50% das empresas de entre 100 e 249 empregados/as ofreceu realizar recoñecementos específicos e o 37,50% recoñecementos xerais. A partir das porcentaxes de empresas que ofreceron un recoñecemento específico por tamaño de cadro de persoal, poderíase concluír que ao aumentar o tamaño do centro de traballo increméntanse as posibilidades de que a empresa ofrezca un recoñecemento específico (aínda que as empresas cun número de traballadores/as comprendido entre 100 e 249 non sigan esta pauta).


Cabe destacar que as empresas que non ofreceron a posibilidade de pasar o recoñecemento médico teñen todas menos de 99 traballadores/as.

GRÁFICA 57: DISTRIBUCIÓN DE CENTROS SEGUNDO A POSIBILIDADE QUE TEÑEN OS /AS TRABALLADORES/AS DE PASAR UN RECOÑECEMENTO MÉDICO E POR TAMAÑO DE CADRO DE PERSOAL




A o estudar a posibilidade de que as empresas ofrezan aos/ás traballadores/as realizar un recoñecemento médico por sector, detéctase que o sector da construción é o que máis ofrece a posibilidade de pasar un recoñecemento específico, cun 92,86% das empresas que o fixeron, mentres que na industria esta porcentaxe foi de 84,13% e no sector servizos do 42,86%. Do mesmo modo, o número de empresas que ofrecen recoñecementos xerais crece de forma inversa, sendo o sector esta posibilidade o que presenta unha maior porcentaxe de empresas que ofrecen esta posibilidade, un 52,94%, seguido da industria cun 14,29% e a construción cun 7,14%. Cómpre destacar que o sector coa menor porcentaxe de empresas que ofreceron pasar o recoñecemento médico foi o sector servizos.

GRÁFICA 58: DISTRIBUCIÓN DE CENTROS SEGUNDO A POSIBILIDADE QUE TEÑEN OS /AS TRABALLADORES/AS DE PASAR UN RECOÑECEMENTO MÉDICO E POR SECTOR





Estúdase, a continuación, como varían as posibilidades do persoal da empresa para realizar un recoñecemento médico en función de que nos centros de traballo se realicen actividades de especial perigo, exista a figura de persoa delegada de prevención ou existan riscos no posto de traballo.

GRÁFICA 59: DISTRIBUCIÓN DE EMPRESAS SEGUNDO A EXISTENCIA DE RISCOS NOS POSTOS DE TRABAJO E A POSIBILIDADE QUE TEÑEN OS TRABALLADORES DE PASAR UN RECOÑECEMENTO MÉDICO



GRÁFICA 60: DISTRIBUCIÓN DE EMPRESAS SEGUNDO A EXISTENCIA DUN DELEGADO/A PARA PREVENCIÓN E A POSIBILIDADE QUE TEÑEN OS TRABALLADORES DE PASAR UN RECOÑECEMENTO MÉDICO





Evidénciase na gráfica da esquerda que a posibilidade de que o persoal da empresa poida realizar un recoñecemento médico específico está relacionado coa realización de actividades de especial perigo. Cando existen este tipo de actividades, aumentan as posibilidades de que o persoal empregado poida realizar un recoñecemento médico específico e, ademais, redúcense os casos en que non se ofrece ningún tipo de recoñecemento.


Igual que no caso anterior, a existencia de riscos no posto de traballo fai aumentar a posibilidade de que o persoal da empresa realice un recoñecemento médico específico, e reduce o número de empresas que non ofrecen ningún tipo de recoñecemento.

Nos casos en que existe persoa delegada de prevención obsérvase un incremento das posibilidades de que se faga un recoñecemento médico específico, e igualmente, diminúe a probabilidade de que non se ofrezca ningún tipo de recoñecemento ao persoal.

Cando se lles pregunta ás empresas onde foron realizados os recoñecementos médicos do último ano, o 61,05% manifestan que o lugar ou un dos lugares onde se levou a cabo o recoñecemento médico foron as dependencias do servizo de prevención alleo. O seguinte lugar máis empregado para realizar os recoñecementos médicos foi a clínica concertada, o 30,00% das empresas afirman telos realizado nese espazo. Con base nos datos da enquisa, o lugar menos frecuentado para realizar estes recoñecementos é a propia empresa, de feito, só o 0,53% das empresas afirman ter realizado o recoñecemento médico nas dependencias propias.

Cabe destacar que as empresas enquisadas podían indicar máis dun lugar onde facer os recoñecementos médicos, por esa razón, a suma das porcentaxes indicadas é superior a100%.

GRÁFICA 62: LUGARES ONDE SE REALIZARON OS RECOÑECIMENTOS MÉDICOS




Ao analizarse a elección do lugar para a realización do recoñecemento médico en función do tamaño do centro de traballo, detéctase que para todos os tamaños de empresa o lugar máis frecuentado son as dependencias do servizo de prevención alleo.

Cando se analiza o lugar onde se realiza o recoñecemento médico por sector, apréciase que as dependencias do servizo de prevención alleo é o lugar máis habitual para os tres sectores estudados, pero é o sector da construción o que conta cunha maior porcentaxe de empresas que utilizan estas dependencias para facer o recoñecemento médico. O 92,86% das empresas da construción, o 61,90% da industria e o 53,78% do sector servizos utilizan habitualmente o servizo de prevención alleo.

O segundo lugar máis frecuentado no sector servizos foi a clínica concertada (o 33,61% empresas do sector), seguida da unidade móbil (9,24%). Para o sector industria a segunda opción máis empregada para realizar o recoñecemento médico foi a utilización de unidades móbiles (26,98% das empresas do sector), seguido da utilización dunha clínica concertada (22,22% das empresas do sector).

No que respecta á construción, a segunda opción máis frecuentada foi a clínica concertada (o 21,43% das empresas do sector), seguida da unidade móbil (o 7,14% das empresas do sector). O lugar menos frecuentado para realizar o recoñecemento médico foron as dependencias da propia empresa. De feito, só un 1,59% das empresas do sector industria empregaron esta opción para realizar os recoñecementos médicos.



5.3. Outras actividades preventivas

En cumprimento do deber de protección, o empresariado deberá garantir a seguridade e a saúde do persoal ao seu servizo en todos os aspectos relacionado co traballo, e deberá adoptar cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e saúde do persoal da empresa. Para acadar este obxectivo, deberanse desenvolver unha serie de accións entre as que destacamos as seguintes:

- Elaboración do plan de prevención
- Planificación da actividade preventiva
- Establecemento de prioridades e controis de eficacia das actividades preventivas
- Definición de medidas de emerxencia
- Prácticas derivadas do plan de emerxencia (simulacros de evacuación...)
- Elaboración dun plan de autoprotección
- Formación en materia de seguridade e saúde no traballo
- Información de riscos laborais e das medidas adoptadas
- Investigación de accidentes de traballo
- Asignación aos responsables xerárquicos da obriga de incluír a prevención en todas as decisións que se adopten

O que se pretende neste apartado é analizar o grao de implantación destas actividades nas empresas dos polígonos galegos, e a influencia de factores como o tamaño da empresa, o sector ou a existencia de persoa delegada de prevención na realización das mesmas.

Facendo unha análise global destas actividades evidénciase que a actividade preventiva máis implantada entre as empresas é a información de riscos laborais e das medidas adoptadas, mentres que a menos implantada é a elaboración dun plan de autoprotección.

O 89,29% das empresas afirman que informan dos riscos e das medidas adoptadas. As seguintes actuacións máis implantadas son a elaboración do plan de prevención e a planificación da actividade produtiva, cun 86,73% de centros que o realizan, e seguiría a formación en materia de seguridade e saúde no traballo, cun 82,14% de empresas.

Observando as porcentaxes de empresas que non realizan estas actividades, detéctase que a meirande parte das actuacións contan cunha porcentaxe de non implantación inferior ao 24,00%, salvo a elaboración do plan de autoprotección, que alcanza ao 41,33% das empresas. En consecuencia, a excepción desta última actividade, poderíase concluír que o grao de realización das actividades relacionadas coa prevención de riscos é elevado.


Na seguinte táboa amósanse as distintas actividades preventivas por grao de implantación:

ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PREVENCIÓN DE RISCOS QUE SE DESENVOLVERON	SI	ESTÁ PREVISTA	NON	NS/NC
Información de riscos laborais e das medidas adoptadas	89,29%	4,08%	6,12%	0,51%
Elaboración do plan de prevención	86,73%	7,14%	6,12%	0,00%
Planificación da actividade preventiva	86,73%	6,63%	6,12%	0,51%
Formación en materia de seguridade e saúde no traballo	82,14%	8,67%	8,67%	0,51%
Definición das medidas de emerxencia	79,08%	13,27%	7,14%	0,51%
Investigación de accidentes do traballo	67,35%	7,14%	23,98%	1,53%
Establecemento de prioridades e controis de eficacia das actividades preventivas	66,84%	19,90%	12,76%	0,51%
Asignación aos responsables xerárquicos da obriga de incluír a prevención en todas as decisións que adopten	66,33%	15,82%	16,84%	1,02%
Prácticas derivadas do plan de emerxencia (simulacros de evacuación)	48,47%	27,04%	22,96%	1,53%
Elaboración dun plan de autoprotección	38,27%	18,88%	41,33%	1,53%
Outras	11,22%	0,51%	88,27%	0,00%

TÁBOA 25: ACTIVIDADES PREVENTIVAS QUE SE DESENVOLVERON NAS EMPRESAS


Cando se analiza a influencia da existencia dunha persoa delegada de prevención na medida en que se implantan as actividades preventivas, evidénciase que a porcentaxe de empresas que realizan as actividades preventivas é superior cando existe a figura de delegado/a de prevención.

GRÁFICA 64: REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES PREVENTIVAS SEGUNDO A EXISTENCIA DUN DELEGADO/A DE PREVENCIÓN NO CENTRO DE TRABAÑO



Ao analizar a realización destas actividades preventivas en función do sector ao que pertence a empresa, obtense que a totalidade das empresas do sector da construción realizaron ou están a desenvolver as seguintes actividades: elaboración de plan de prevención, planificación da actividade preventiva, formación en materia de seguridade e saúde no traballo, e información de riscos laborais.

Pola contra, a actividade menos implantada neste sector é a elaboración do plan de autoprotección (un 28,57% das empresas da construción), seguida da realización de prácticas derivadas do plan de emerxencia (un 64,29% empresas do sector). Para o resto das actividades a implantación é superior ao 78,00%.



Cabe destacar que a construción é o sector no que maior implantación existe das actividades preventivas, superando aos outros sectores en todas as actividades preventivas, excepto na elaboración do plan de autoprotección.

O sector industria é o segundo sector no que máis se teñen implantadas as actividades preventivas analizadas, mentres que o sector servizos sería o que menos actividades realiza. A implantación destas actividades na industria é bastante elevada, tendo máis do 77,00% das empresas introducidas a meirande parte das accións preventivas, salvo o plan de autoprotección e as prácticas do plan de emerxencia. Para o sector servizos, o número de actividades que realizaron ou están a desenvolver, é de catro.

Cando se analiza a implantación das actividades preventivas en función do tamaño da empresa, poderíase dicir que a porcentaxe de empresas que realizaron ou están a desenvolver as actividades preventivas é superior nas empresas con maior tamaño.


En relación co plan de emerxencia e evacuación consúltase ás empresas se teñen contempladas algunha das seguintes actividades:

- Avaliación de riscos (incendio, inundación, etc.) nos edificios
- Medios materiais de protección: extintores, BIE, etc.
- Itinerario e saídas de emerxencia
- Funcións a desempeñar polos medios humanos en caso de emerxencia

En primeiro lugar, analízanse estas actuacións de forma global e obtense como resultado que a meirande parte das empresas, un 84,14%, afirman ter contempladas as actuacións anteriores, o 10,08% teñen previsto contemplalas, e un 5,78% non teñen previsto realizar ningunha das accións.


Ao analizar individualmente cada unha das medidas, detéctase que a actuación contemplada por un maior número de empresas é ter en conta os medios materiais de prevención no plan de emerxencia e evacuación. A que menos se realizou foi contemplar no plan de emerxencia e evacuación as funcións a desempeñar polos medios humanos en caso de emerxencia.

Ante a pregunta de se se ten contemplada a avaliación de riscos nos edificios, o 83,87% das empresas responden afirmativamente, o 10,22% téñeno previsto e un 5,91% non.



Cando se lles consulta ás empresas se teñen contemplados os medios materiais de protección, un 90,32% manifesta que si, mentres que un 6,45% téñeno previsto e un 3,23% non.


No que respecta aos itinerarios e saídas de emerxencia, o 86,02% das empresas respondeu que se tivo en conta dentro do plan de emerxencia e evacuación, o 8,60% téñeno previsto, e un 5,38% non. Por último, ante a pregunta de se tiñan contempladas no plan de emerxencia as funcións a desempeñar polos medios humanos en caso de emerxencia, o 76,34% das empresas responden que si, mentres que o 15,05% téñeno previsto e un 8,60% non.



Cando se analiza a realización das actividades relacionadas co plan de emerxencia e evacuación en función do tamaño da empresa, obtense que as empresas cun cadro de persoal pequeno realizan en menor medida as actuacións anteriores. É dicir, ao analizar as empresas que non tiveron en conta as actuacións relacionadas co plan de emerxencia e evacuación, detéctase que non existe ningunha con máis de 100 persoas na empresa que non contemplara estas actuacións. Non obstante, o 10,25% das empresas con menos de 10 traballadores/as non contemplaron estas actuacións, igual que un 3,96% de empresas de entre 10 e 49 traballadores/as, e un 5,95% de empresas de entre 50 e 99 persoas na empresa.

Cabe destacar, por último, que a actividade que menos se tivo en conta nas empresas de menos de 10 traballadores/as foi a de contemplar as funcións a desempeñar polos medios humanos en caso de emerxencia. Para as empresas de entre 10 e 49 traballadores/as, a medida que menos se contemplou foi o establecemento de itinerarios e saídas de emerxencia, e no grupo de entre 50 e 99 persoas no cadro de persoal a acción menos realizada foi a avaliación de riscos nos edificios.

Analízase, a continuación, a implantación de actividades preventivas relacionadas co plan de emerxencia e evacuación por sector. Segundo os datos recompilados, o sector con máis actividades implantadas foi o sector industria, cun 92,80% de empresas que contemplaron as actividades estudadas, mentres que a porcentaxe baixa a un 80,00% nos sectores de servizos e construción.




Igual que na análise global, a actividade máis realizada en todos os sectores foi determinar os medios materiais de protección, e a menos frecuente é establecer as funcións a desempeñar polos medios humanos en caso de emerxencia.

A pesar de todo, a diferenza entre a implantación das distintas actividades é mínima.


5.4. Formación en seguridade e saúde

En cumprimento do deber de protección, o/a empresario/a deberá garantir que cada persoa empregada reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva, tanto no momento da súa contratación como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo. Por esa razón, consultouse ás empresas enquisadas se durante os dous últimos anos se realizou no centro de traballo algunha actividade ou actividades formativas sobre seguridade e saúde no traballo. A meirande parte delas, un 85,20%, responderon que si, e un 13,78% afirmaron non realizar ningunha actividade formativa relacionada coa seguridade e saúde no traballo.

GRÁFICA 69: REALIZACIÓN DE FORMACIÓN SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE




GRÁFICA 70: REALIZAÇÃO DE FORMAÇÃO SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE POR TAMAÑO E CADRO DE PESSOAL




Cando se estuda a influencia do tamaño da empresa na realización de formación sobre seguridade e saúde no traballo, detéctase que, a medida que aumenta o tamaño, aumenta a porcentaxe de empresas que realizaron actividades formativas sobre seguridade e saúde no traballo; á inversa, ao reducirse o tamaño incrementase a porcentaxe de empresas que non realizan accións formativas.

Na gráfica 71 obsérvase que o sector con maior porcentaxe de empresas que realizaron actividades formativas foi a construción cun 92,86%, seguido da industria, cun 92,06%, e do sector servizos co 80,67%.



Ao estudar as empresas enquisadas segundo realicen ou non accións formativas sobre seguridade e saúde no traballo, obsérvase que nos casos en que existe a figura de delegado/a de prevención aumentan as probabilidades de que as empresas realicen acción formativas sobre seguridade e saúde.

Do mesmo xeito, nos centros de traballo onde se realizan actividades de especial perigo, o número de empresas que levan a cabo accións formativas relacionadas coa seguridade e a saúde no traballo é superior que no caso de centros que non realizan actividades perigosas.



REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS	NON	NS/NC	SI
Centros que non realizan ningunha actividade de especial perigo	19,70%	0,75%	79,55%
Centros que realizan algunha actividade de especial perigo	1,61%	1,61%	96,78%

TÁBOA 26: REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS EN CENTROS CON ACTIVIDADES DE ESPECIAL PERIGO

Co obxecto de coñecer que persoas do centro de traballo recibiron formación, preguntouse ás empresas se un ou algún dos seguintes colectivos recibiron formación sobre seguridade e saúde laboral.

Un dos colectivos que recibiu máis formación foi o dos traballadores/as, un 87,43% das empresas afirman que este colectivo recibiu formación, seguido dos mandos intermedios e das persoas que desempeñan funcións específicas de seguridade e saúde. Pola contra, o colectivo que menos formación recibiu foi o dos mandos superiores, cun 15,57% de empresas nas que non recibiron esa formación.

Se se analizan os beneficiarios da formación en función do tamaño da empresa, detéctase que as empresas de máis de 100 persoas empregadas presentan máis casos nos que se recibiu formación que as pequenas. Ao igual que na análise global, o colectivo dos/as traballadores/as foi un dos que máis casos presenta con formación.

No que respecta ás persoas que desempeñan funcións específicas de seguridade e saúde, detéctase que a porcentaxe de empresas que afirman proporcionar formación a este colectivo é superior para as empresas de máis de 50 persoas empregadas. Así, o 85,71% das empresas con 250 ou máis persoas empregadas, o 87,50% das empresas de entre 100 e 249 e o 100% das empresas de entre 50 e 99 afirman que este colectivo recibiu formación sobre seguridade e saúde laboral,

mentres que para as empresas de menos de 10 traballadores/as foi do 58,33%, e para as empresas de entre 10 e 49, do 66,67%.

Cando se analiza cal foi o sector que recibiu, de media, máis formación, obtense que foi a construción, cun 78,46% de empresas. Seguirían por orde o sector industrial, cun 67,03%, e o sector servizos, cun 57,71%.


O colectivo que con maior frecuencia recibiu formación no sector da construción foi o dos mandos intermedios, co 100% dos casos, seguido das persoas que desempeñan funcións específicas de seguridade e saúde, e o resto dos/as traballadores/as co mesmo número de casos.

Tanto no sector servizos como na industria o colectivo máis formado foi o dos/as traballadores/as, seguido dos mandos intermedios e das persoas que desempeñan funcións específicas de seguridade e saúde.


O persoal de contratas segue sendo o que menos recibe formación en todos os sectores.

Co fin de determinar cales son os motivos que impulsan ás empresas a realizar actividades formativas sobre seguridade e saúde no traballo, pídeselles ás empresas enquisadas que sinalen cal foi o motivo ou motivos polos que realizaron as accións formativas. Para iso, ofrécenselles unha serie de opcións.


GRÁFICA 73: DISTRIBUCIÓN DE CENTROS SEGUNDO OS COLECTIVOS QUE RECIBIRON FORMACIÓN SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO



GRÁFICA 74: DISTRIBUCIÓN DE EMPRESAS SEGUNDO OS COLECTIVOS QUE RECIBIRON FORMACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO POR TAMAÑO DO CADRO DE PERSOAL



GRÁFICA 75: DISTRIBUCIÓN DE CENTROS SEGUNDO OS COLECTIVOS QUE RECIBIRON A FORMACIÓN SOBRE A SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO POR SECTOR



Na seguinte táboa ordénanse de máis a menos importancia os posibles motivos en función do número de empresas que os elixiron.

MOTIVOS PARA A REALIZACIÓN DA FORMACIÓN	% CENTROS
A mellora en xeral da formación sobre o tema	62,87%
A contratación de novo persoal	48,50%
A asignación de funcións preventivas a certos/as traballadores/as	34,73%
Os riscos detectados na avaliación de riscos	32,34%
O cambio nas funcións desempeñadas polo persoal	28,14%
A demanda dos traballadores/as ou dos seus representantes	19,76%
O cambio nos equipos de traballo	16,17%
A incorporación de novas tecnoloxías	14,37%
A investigación dun accidente de traballo ou enfermidade	11,98%
NS/NC	6,59%
Outra	1,20%

TÁBOA 27: MOTIVOS EXPOSTOS PARA REALIZAR A FORMACIÓN

Segundo os datos analizados, o principal motivo para realizar a formación é a mellora, en xeral, da formación sobre o tema; cando se preguntou se este motivo era unha das razóns para realizar a formación, o 62,87% das empresas contestaron afirmativamente.

O seguinte motivo máis valorado para realizar a formación foi a contratación de novo persoal (un 48,50% das empresas), e seguiríao a asignación de funcións preventivas a certos/as traballadores/as (un 34,73% das empresas).

O motivo que menos impulsou a realización de formación foi a investigación dun accidente de traballo ou enfermidade. Só un 11,98% das empresas consideraron esta opción como a causante da realización da formación sobre seguridade e saúde no traballo.

Ao analizar os motivos que deron lugar á realización de accións formativas sobre seguridade e saúde no traballo, evidénciase que ao aumentar o tamaño de empresa, en xeral, aumenta a importancia da meirande parte dos motivos expostos. Apréciase na táboa seguinte que para os seis primeiros motivos, a proporción de empresas que consideran estes como unha das causas da realización da formación increméntase co tamaño de empresa.


Evidénciase que para os centros de menos de 49 persoas, o principal motivo para realizar as accións formativas foi a mellora de formación sobre o tema. Non obstante, para as empresas con máis de 50 persoas empregadas o principal motivo foi a contratación de novo persoal. En particular, para as empresas con 250 ou máis persoas, ademais da razón anterior, habería que destacar o cambio nas funcións desempeñadas polo persoal, e a demanda do colectivo traballador e dos seus representantes.

O motivo que menos impulsou a realización de accións formativas coincide para case todos os tamaños de empresa e é a investigación dun accidente de traballo ou enfermidades. Para as empresas de entre 50 e 99 persoas traballando o motivo que menos impulsou a realización de formación foi a incorporación de novas tecnoloxías.

MOTIVOS PARA A REALIZACIÓN DA FORMACIÓN	DE 1 A 9	DE 10 A 49	DE 50 A 99	DE 100 A 249	250 OU MÁIS
A contratación de novo persoal	31,25%	45,33%	77,27%	75,00%	71,43%
A asignación de funcións preventivas a certos/as traballadores/as	22,92%	38,67%	40,91%	50,00%	57,14%
O cambio nas funcións desempeñadas polo persoal	12,50%	28,00%	40,91%	50,00%	71,43%
A incorporación de novas tecnoloxías	8,33%	13,33%	18,18%	37,50%	42,86%
O cambio nos equipos de traballo	10,42%	16,00%	22,73%	25,00%	42,86%
A demanda do colectivo traballador ou dos seus representantes	16,67%	16,00%	27,27%	25,00%	71,43%
Os riscos detectados na avaliación de riscos	18,75%	36,00%	40,91%	62,50%	28,57%
A investigación dun accidente de traballo ou enfermidade	6,25%	8,00%	31,82%	12,50%	14,29%
A mellora, en xeral, da formación sobre o tema	70,83%	64,00%	59,09%	50,00%	42,86%

TÁBOA 28: MOTIVOS EXPOSTOS PARA A REALIZACIÓN DA FORMACIÓN SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

GRÁFICA 76: MOTIVO PARA A REALIZACIÓN DA FORMACIÓN SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE POR SECTOR



Se se analiza cales son os principais motivos para realizar a formación sobre seguridade e saúde no traballo para cada un dos sectores analizados, evidénciase que para os tres sectores estudados os principais motivos foron a contratación de novos traballadores/as e a mellora da formación sobre o tema.

No sector servizos, o motivo menos valorado foi o cambio nos equipos de traballo; na industria foi a incorporación de novas tecnoloxías; e na construción destácanse tres motivos pouco valorados: a investigación dun accidente de traballo ou enfermidade, a demanda do colectivo traballador ou dos seus representantes, e a incorporación de novas tecnoloxías.

Consúltase ás empresas cal foi a entidade ou as entidades que levaron a cabo a formación. Da análise dos datos obtidos evidénciase que a tipoloxía de entidade máis empregada para impartir a formación foi o servizo de prevención alleo, cun 79,64% de empresas que elixiron esta opción como unha das máis usuais. A seguinte entidade máis valorada foi a propia empresa, cun 44,91% de empresas que marcaron esta opción como unha das máis empregadas. No último lugar atópase a administración pública como unha das entidades menos utilizadas para a impartir formación. Só un 1,80% das empresas a seleccionaron como unha das entidades utilizadas para levar a cabo a formación sobre seguridade e saúde no traballo. Na seguinte táboa, amósanse por orde de máis a menos importancia a valoración de cada unha das opcións.

ENTIDADES QUE IMPARTEN A FORMACIÓN	% CENTROS
Servizo de prevención alleo	79,64%
A propia empresa (incluídos servizo de prevención propio, servizo de prevención mancomunado e traballador/a designado/a)	44,91%
Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais	20,36%
Organizacións empresariais	13,17%
Asesores e consultores privados	13,17%
Empresas subministradoras de máquinas, de produtos, de equipos de protección individual, etc.	7,19%
NS/NC	6,59%
Asociacións ou colexios profesionais	5,39%
Sindicatos	5,39%
Universidades ou outros centros docentes	3,59%
Administracións públicas (estatal, autonómica ou local)	1,80%
Outras	0,60%

TÁBOA 29: ENTIDADES ELIXIDAS POLAS EMPRESAS PARA DAR A FORMACIÓN


Ao estudar a tipoloxía de entidade que leva a cabo a formación sobre seguridade e saúde no traballo por tamaño de empresa, detéctase que, igual que na análise global, as entidades máis empregadas para impartir a formación son, en primeiro lugar, o servizo de prevención alleo e, en segundo lugar, a propia empresa, calquera que for o seu tamaño (ver gráfica 77).

No que respecta ás entidades ás que menos se recorre para dar a formación, obsérvase para todos os tamaños de empresa, excepto o grupo de entre 100 e 249 traballadores/as, que unha das entidades menos empregadas foi a administración pública (ver gráfica 77).

Para as empresas de entre 10 e 99 persoas empregadas outra opción pouco empregada foi a universidade ou outros centros docentes. As entidades menos utilizadas para as empresas cun cadro de persoal de entre 100 e 249 persoas foron a universidade e outros centros docentes, e as asociacións ou colexios profesionais. Para as empresas de 250 ou máis persoas traballando outra opción pouco empregada para impartir formación foron as empresas subministradoras de máquinas, de produtos, de equipos de protección, etc. (ver gráfica 77).

En canto ao estudo das entidades que imparten a formación segundo o sector ao que pertencen as empresas, non se evidencian comportamentos distintos respecto ás análises anteriores. Para os tres sectores, a entidade máis empregada para levar a cabo a formación sobre seguridade e saúde no traballo foi o servizo de prevención alleo, seguido da propia empresa, e o menos utilizado foi a administración pública e a universidade e outros centros de ensinanza.

GRÁFICA 77: ENTIDADES QUE IMPARTEN A FORMACIÓN SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO POE TAMAÑO DO CADRO DE PERSOAL



6-(Máquinas e equipos de traballo)


Os fabricantes e subministradores de máquinas e equipos deberán proporcionarlle ao empresariado, e este solicitarlles a aqueles, a información necesaria para que a utilización e manipulación da maquinaria, equipos e útiles de traballo se produza sen riscos para a seguridade nin a saúde das persoas empregadas. O/a empresario/a deberá garantir que as informacións relativas ao parágrafo anterior sexan facilitadas ao persoal en termos que resulten comprensibles para este.

Co obxecto de valorar a implantación destas medidas preventivas, consúltase ás empresas que porcentaxe da maquinaria leva marcado *CE*, que porcentaxe vai acompañada dunha declaración *CE* de conformidade coa directiva de seguridade das máquinas, e se o manual de instrucións das máquinas está en castelán.


Analizados os datos, resulta que o 75,00% das empresas afirman ter máis do 70% da maquinaria con marcado *CE*, concretamente un 58,67% teñen máis do 90% das máquinas con dito marcado. Non obstante, un 11,22% das empresas manifestan ter marcado *CE* en menos do 10% da maquinaria.

Ao estudar as porcentaxes de empresas que dispoñen de declaración *CE* de conformidade coa directiva de seguridade das máquinas, resulta que o 65,81% das empresas manifestan ter en máis do 70% da maquinaria dita declaración. O 58,67% delas manifesta que máis do 90% da maquinaria dispón da declaración *CE*, mentres que un 16,84% de empresas afirman dispoñer da mesma en menos do 10% da maquinaria.

GRÁFICA 78: EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE MAQUINARIA CON MARCADO CE




GRÁFICA 79: EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE MAQUINARIA CON DECLARACIÓN CE DE CONFORMIDADE




De igual xeito, o 70,41% das empresas dispoñen de máis dun 70% da maquinaria con manual de instrucións en castelán. O 54,65% das empresas contan con máis do 90% da maquinaria con manual de instrucións en castelán, mentres que un 12,24% delas afirman dispoñer do manual de instrucións en castelán para menos do 10% da maquinaria.

GRÁFICA 80: EMPRESAS QUE DISPONEN DE MAQUINARIA CON MANUAL DE INSTRUCCIONES EN CASTELÁN




Pregúntaselles ás empresas se aplican algún sistema de recepción da maquinaria para verificar que cumpre as especificacións e a regulamentación aplicable. O 78,53% das empresas afirma aplicar, case sempre, algún sistema de recepción da maquinaria para a aceptación da mesma, pero o 15,71% das empresas non segue ningún procedemento.

GRÁFICA 81: EMPRESAS QUE APLICAN UN SISTEMA DE RECEPCIÓN PARA A ACEPTACIÓN DA MAQUINARIA




Ao analizar a aplicación dun sistema de recepción para a aceptación da maquinaria por sector, resulta que os sectores que máis realizan este procedemento son a construción e a industria, o 85,71% das empresas. En canto á influencia do tamaño da empresa (número de persoas empregadas) na aplicación do sistema de recepción, poderíase dicir que, en xeral, a proporción de empresas que aplican este sistema para a aceptación é maior para as empresas con máis empregados/as. Non obstante, as empresas de entre 100 e 249 persoas contratadas presenta unha porcentaxe superior ás de 250 ou máis persoas.

GRÁFICA 82: EMPRESAS QUE APLICAN UN SISTEMA DE RECEPCIÓN PARA A ACEPTACIÓN DA MAQUINARIA POR
TAMAÑO DE CADRO DE PERSOAL




GRÁFICA 83: EMPRESAS QUE APLICAN UN SISTEMA DE RECEPCIÓN PARA A ACEPTACIÓN DA MAQUINARIA POR SECTOR



7-(Sinistralidade: estimación, investigación, causas e consecuencias)

7.1. Identificación de riscos no centro de traballo

Ao preguntar se no centro de traballo hai algún tipo de risco, o 84,70% das empresas confirma a súa existencia. Os riscos máis frecuentes son os *accidentes de traballo* (73,98%) e os *problemas musculoesqueléticos asociados a posturas, esforzos ou movementos* (no 59,69% das empresas). Por outra parte, o 15,31% das empresas afirma que non existe ningún risco. Obsérvase que ao tratarse dunha pregunta multirresposta a suma das porcentaxes é superior ao 100%.



Ao realizar unha análise por sectores de actividade, os resultados son semellantes á análise xeral, sendo máis frecuentes os mesmos riscos sinalados anteriormente. É de destacar a elevada porcentaxe de centros de traballo que afirman non presentar estes riscos, especialmente nos sectores construción e servizos.

NESTE CENTRO DE TRABALLO HAI RISCO DE...?	SECTOR SERVICIOS	SECTOR INDUSTRIA	SECTOR CONSTRUCCIÓN
Accidentes de traballo	68,07%	88,89%	57,14%
Enfermidades producidas por axentes físicos, químicos ou biolóxicos	14,29%	25,40%	14,29%
Problemas musculoesqueléticos asociados a posturas, esforzos ou movementos	53,78%	73,02%	50,00%
Estrés, depresión, ansiedade	20,17%	17,46%	21,43%
Outras enfermidades ou trastornos relacionados co traballo	5,88%	7,94%	14,29%
Neste centro de traballo non hai	19,33%	4,76%	28,57%


TÁBOA 30: RISCOS LABORAIS IDENTIFICADOS SEGUNDO O SECTOR DE ACTIVIDADE

7.2. Accidentes de traballo e enfermidades profesionais

Analízase neste apartado o número medio de accidentes e enfermidades profesionais, por empresa, ocorridos nos últimos dous anos, as medidas que se tomaron a posteriori, os colectivos que os investigaron e as principais causas dos accidentes.

Cando se consulta ás empresas se se produciu algún accidente de traballo ou algunha enfermidade profesional nos últimos dous anos, o 58,16% das empresas contesta afirmativamente.


GRÁFICA 85: EMPRESAS QUE TIVERON ALGÚN ACCIDENTE DE TRABALLO OU ENFERMIDADE PROFESIONAL NOS ÚLTIMOS DOUS ANOS




O sector con maior número de incidentes foi a construción, cun 78,57% de empresas nas que tivo lugar algún accidente de traballo ou enfermidade profesional. No 71,43% das empresas do sector industrial produciuse algunha incidencia deste tipo, e no que menos incidencias se produciron foi no sector servizos (no 48,74% das empresas).

En relación co tamaño da empresa, detéctase que, a medida que aumenta o tamaño do cadro de persoal, elévase o número de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais ocorridas. De feito, o 27,42% das empresas con menos de 10 persoas empregadas sufriu algún incidente deste tipo nos últimos dous anos, igual que o 61,36% das empresas de entre 10 e 49, o 95,65% das empresas de entre 50 e 99, e o 100% das empresas con máis de 100 persoas traballando.

GRÁFICA 86: EMPRESAS QUE TIVERON ALGÚN ACCIDENTE DE TRABALLO OU ENFERMIDADE PROFESIONAL NOS ÚLTIMOS DOUS ANOS SEGUNDO O SECTOR



GRÁFICA 87: EMPRESAS QUE TIVERON ALGÚN ACCIDENTE DE TRABALLO OU ENFERMIDADE PROFESIONAL NOS ÚLTIMOS DOUS ANOS SEGUNDO O TAMAÑO DO CADRO DE PERSOAL



Na seguinte táboa móstrase a porcentaxe de empresas que tiveron algún accidente leve con baixa nos dous últimos anos, algún accidente grave, accidente mortal, accidente *in itinere*, ou ben, algunha enfermidade profesional, así como a proporción de continxencias por tipoloxía e número medio de continxencias por centro.

TIPOLOXÍA DE CONTINXENCIA	% EMPRESAS	% CONTINXENCIAS	MEDIA CONTINXENCIAS POR CENTRO
Accidentes leves con baixa	54,08%	89,97%	7,69
Accidentes graves	7,14%	1,13%	0,10
Accidentes mortais	0,51%	0,06%	0,01
Enfermedades profesionales	4,59%	1,79%	0,15
Accidentes <i>in itinere</i>	24,49%	7,04%	0,60

TÁBOA 31: TIPOLOXÍA DAS CONTINXENCIAS OCORRIDAS E PORCENTAXES DE OCORRENCIA

Evidénciase que en algo máis da metade das empresas tivo lugar algún accidente leve con baixa, no 24,49% delas accidentes *in itinere*, no 7,14% accidentes graves e no 0,51% das empresas tivo lugar algún accidente mortal. En canto á tipoloxía de continxencias, cabe sinalar que o 89,97% das continxencias foron accidentes leves con baixa e que o 0,06% foron accidentes mortais.

Como consecuencia da ocorrencia de accidentes ou enfermidades profesionais nas empresas adoptáronse medidas de distinto tipo entre as que se sinalan as seguintes:

- As persoas afectadas foron apartadas do risco e incorporadas a outro posto de traballo
- O posto de traballo foi modificado e as persoas afectadas permaneceron no mesmo posto
- As persoas afectadas continuaron no mesmo posto sen que este se modificase
- As persoas afectadas continúan de baixa por accidente ou enfermidade profesional
- As persoas afectadas abandonaron a empresa a petición propia
- As persoas afectadas abandonaron a empresa tras a baremación do INSS/EVI (Instituto Nacional de la Seguridad Social/Equipo de Valoración de Incapacidades)
- As persoas afectadas abandonaron a empresa por outras circunstancias

Cando se produciron accidentes leves con baixa no 49,06% dos casos as persoas afectadas continuaron no mesmo posto de traballo sen que este se modificase, e no 20,75% dos accidentes leves con baixa modificouse o posto e as persoas afectadas permaneceron nel.

No que respecta á ocorrencia de accidentes graves, detéctanse varios tipos de comportamento. Nalgúns casos, apartáronse do risco ás persoas afectadas e incorporáronse a outro posto de traballo (no 21,43% dos casos), mentres que, noutras situacións, non se modificaron os postos de traballo nin se apartaron destes ás persoas afectadas (no 1,43% dos casos). No 28,60% das situacións, ou ben se modificou o posto de traballo e os/as afectados/as permaneceron nel, ou ben os/as afectados/as continúan de baixa por accidente.

Só unha empresa manifesta as medidas que se tomaron tras a ocorrencia dalgunha enfermidade profesional, por esa razón, non se inclúe na táboa ao non ser un comportamento representativo da totalidade.

MEDIDAS ADOPTADAS TRAS A OCORRENCIA DALGÚN ACCIDENTE DE TRABALLO	ACCIDENTES LEVES CON BAIXA	ACCIDENTES GRAVES
As persoas afectadas foron apartados do risco e incorporados a outro posto de traballo	5,66%	21,43%
O posto de traballo foi modificado e os afectados permaneceron no mesmo posto	20,75%	14,29%
As persoas afectadas continuaron no mesmo posto sen que este se modificase	49,06%	21,43%
As persoas afectadas continúan de baixa por accidente ou enfermidade profesional	4,72%	14,29%
As persoas afectadas abandonaron a empresa a petición propia	2,83%	7,13%
As persoas afectadas abandonaron a empresa tras a baremación do INSS/EVI (incapacidade)	2,83%	0,0%
As persoas afectadas abandonaron a empresa por outras circunstancias	6,60%	0,0%
As persoas afectadas faleceron como consecuencia do accidente ou enfermidade	1,89%	0,0%
NS/NC	5,66%	21,43%

TÁBOA 32: MEDIDAS ADOPTADAS TRAS A OCORRENCIA DALGÚN ACCIDENTE DE TRABALLO OU ENFERMIDADE PROFESIONAL

Consúltase ás empresas en relación aos colectivos que investigaron os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais: o 78,50% das empresas que sufriron algún accidente con baixa afirman que os accidentes foron investigados por persoal da empresa. Un 45,79% das empresas manifestan que a Inspección de Traballo investigou a causa destes accidentes e, en menor medida, foron investigados polo servizo de prevención alleo, ou polo órgano técnico da Comunidade Autónoma. As enfermidades profesionais producidas foron investigadas no 88,89% dos casos por persoa da empresa e o 33,33% das veces pola Inspección de Traballo.

Cabe sinalar que as empresas enquisadas podían indicar máis dun colectivo como as entidades ou persoas que investigaron os accidentes ou as enfermidades ocorridas. Por esa razón, o tratamento dos datos fíxose coma se se tratase dunha pregunta de resposta múltiple e, en consecuencia, a suma das porcentaxes é superior a 100%.


Estúdase, a continuación, cales son as principais causas dos accidentes producidos nos centros de traballo.

A principal causa está relacionada coas distraccións, descoidos, despistes ou falta de atención. O 65,79% das empresas afirma que esta é unha das causas que orixinaron os accidentes. A seguinte causa máis importante segundo o número de empresas que a apoian, nun 53,51%, son as posturas forzadas ou a realización de sobreesforzos durante a tarefa.


O mantemento inadecuado ou deficiente, traballar sen a información e formación suficiente sobre os riscos e as medidas preventivas, o exceso de horas continuadas no traballo, ou a imprevisibilidade dos animais, son posibles causas que non foron seleccionadas por ningunha das empresas enquisadas.

Amósase na seguinte gráfica a valoración por parte das empresas enquisadas das posibles causas que producen accidentes de traballo.

GRÁFICA 88: COLECTIVOS QUE INVESTIGARON OS ACCIDENTES E/OU ENFERMIDADES DE TRABALLO



GRÁFICA 89: VALORACIÓN DAS PRINCIPAIS CAUSAS DOS ACCIDENTES DE TRABALLO




O custo económico dos accidentes de traballo pode considerarse como unha variable que mide o grao de integración da seguridade na cultura empresarial. Nese sentido, pregúntase ás empresas se dispoñen de datos sobre os custos económicos anuais producidos polos accidentes. O 71,93% das empresas que sufriron algún accidente de traballo ou enfermidade profesional non dispoñen deste dato; tan só o 21,05% das empresas o teñen contemplado.


Se se analiza este dato con respecto ao tamaño empresarial, detéctase que, en xeral, as empresas con maior tamaño do cadro de persoal son as que presentan unha porcentaxe máis elevada de dispoñibilidade deste custo económico. Non obstante, a porcentaxe de empresas de 250 ou máis persoas empregadas é inferior ás que teñen entre 100 e 249 persoas empregadas.

Na análise por sector, evidénciase que a construción é o sector que máis recolle os datos do custo económico dos accidentes, cun 36,36% de empresas. Seguiría en importancia a industria, cun 22,22% de empresas e, por último, o sector servizos, cun 17,24%.


GRÁFICA 90: DISPONIBILIDADE DE DATOS SOBRE OS CUSTOS ECONÓMICOS DOS ACCIDENTES DE TRABALLO



GRÁFICA 91: DISPONIBILIDADE DE DADOS SOBRE OS CUSTOS ECONÓMICOS DOS ACCIDENTES DE TRABALHO POR TAMAÑO DO CADRO DE PESSOAL




GRÁFICA 92: DISPONIBILIDADE DE DATOS SOBRE OS CUSTOS ECONÓMICOS DOS ACCIDENTES DE TRABALHO POR SETOR



8-(Xestión empresarial)

É importante coñecer se as empresas integran a prevención de riscos laborais no conxunto das súas actividades, de acordo co requirido pola Lei de Prevención de Riscos Laborais. Para facelo as empresas poden empregar as ferramentas ao seu alcance. Así, consultóuselles se tiñan implantado un sistema de xestión de seguridade e saúde.

O 39,80% das empresas enquisadas di ter implantado un sistema de xestión da seguridade e saúde, baseado na súa maior parte (un 28,57% das empresas) no estándar OHSAS 18001. O 23,98% das empresas expoñen que están estudando a súa implantación.



NA SÚA EMPRESA, ESTÁ IMPLANTADO UN SISTEMA DE XESTIÓN PARA A SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO?	SECTOR SERVIZOS	SECTOR INDUSTRIA	SECTOR CONSTRUCCIÓN
Non	38,66%	30,16%	42,86%
Non, pero está en estudo	21,01%	30,16%	21,43%
Si, baseado no estándar OHSAS 18001	29,41%	28,57%	21,43%
Si, baseado noutro sistema	10,92%	11,11%	14,28%

TÁBOA 33: IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE

Como pode verse na táboa anterior, ao facer unha análise por sectores de actividade compróbase que o sector no que é máis frecuente a utilización deste tipo de ferramentas é o sector servizos (o 40,33% das empresas), seguido de cerca polo sector industria (39,68%); aínda así tamén é importante o seu uso no sector construción (o 35,71% das empresas deste sector).


9-(Motivación para previr os riscos laborais)

9.1. Repercusións negativas da situación respecto á seguridade e á saúde no traballo nas empresas

O 16,80% das empresas afirman que a situación respecto da seguridade e saúde no traballo tivo algún tipo de repercusión (advertencia por escrito ou sanción ao persoal empregado, paros ou mobilizacións do persoal, propostas de sanción por parte da Inspección de Traballo, etc.). Para o 74,00% das empresas non tiveron ningunha repercusión.

Tratándose dunha pregunta con posibilidade de resposta múltiple, a consecuencia negativa máis frecuente foi a *advertencia por escrito a un/unha ou varios/as traballadores/as* (13,78%), seguido das *propostas de sanción por parte da Inspección de Traballo* (6,63%).

GRÁFICA 94: REPERCUSIÓNS NEGATIVAS DERIVADAS DA SITUACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO



Da análise por sectores de actividade, extráese que as consecuencias negativas derivadas das condicións de seguridade e saúde no traballo son máis frecuentes no sector da construción, en especial as *propostas de sanción por parte da Inspección de Traballo* (42,86%), a *advertencia por escrito ou sanción a un/unha ou varios/as traballadores/as* (28,57%) e a *imputación a algún directivo ou mando intermedio nun acto xudicial* (28,57%).

O sector no que se dan menos consecuencias negativas é o sector servizos.

NA SÚA EMPRESA, A SITUACIÓN RESPECTO Á SEGURIDADE E Á SAÚDE NO TRABALLO TIVO ALGUNHA DAS SEGUINTE REPERCUSIÓNS?	SECTOR SERVIZOS	SECTOR INDUSTRIA	SECTOR CONSTRUCIÓN
Advertencia por escrito ou sanción a un/unha ou varios/as dos/as traballadores/as	7,56%	22,22%	28,57%
Paros ou mobilizacións dos/as traballadores/as	0,84%	0%	0%
Propostas de sanción por parte da Inspección de Traballo	1,68%	7,94%	42,86%
Imputación a algún directivo ou mando intermedio nun acto xudicial	1,68%	3,17%	28,57%
Recargo nas prestacións aos/ás traballadores/as accidentados/as ou enfermos/as por parte da Seguridade Social	0%	4,76%	7,14%
Ningunha das anteriores	82,35%	66,67%	35,71%
NS/NC	9,24%	7,94%	14,29%

TÁBOA 34: REPERCUSIÓNS NEGATIVAS DERIVADAS DA SITUACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE POR SECTOR


9.2. Razóns principais para previr os riscos laborais

Por último, neste apartado analízanse cales son as principais razóns que motivan ás empresas a poñer en marcha accións para previr os riscos laborais. A tal efecto, presentáronse as empresas unha serie de posibles razóns, entre as cales sinalaron as tres máis importantes por orde de importancia.


Cando se lles pregunta ás empresas cal cren que é a primeira razón para previr os riscos laborais, obtense como razón máis valorada mellorar as condicións de traballo e garantir a seguridade e saúde dos/as traballadores/as (un 51,53% das empresas). En segundo lugar, sinálase cumprir coa lexislación vixente (un 42,86% de empresas).

As razóns menos valoradas foron os motivos económicos e aumentar a competitividade da empresa (ver gráfica 95).


GRÁFICA 95: PRINCIPAIS RAZÓNS PARA PREVER OS RISCOS LABORAIS



Cada empresa indicou cal consideraba a principal razón para por en marcha accións que preveñan os riscos laborais, a segunda máis importante e a terceira, polo que, ao ofrecer máis dunha resposta, a análise fíxose como se se tratase dunha pregunta multirresposta. Se se contabilizan as puntuacións globais de cada razón como suma das valoracións para a primeira razón, segunda razón e terceira razón, evidénciase que as dúas principais razóns non varían respecto da análise da principal razón (ver gráfica 96).



Cando se analizan as principais razóns para realizar accións relacionadas con riscos laborais segundo o tamaño de empresa, obtense que, para os centros de traballo con cadros de persoal menos numerosos, o principal motivo para previr os riscos é cumprir coa lexislación vixente. Percíbese na gráfica 97, que ao aumentar o tamaño de empresa diminúe a proporción de empresas que sinalan esta razón como a principal. Por outra banda, as empresas con maiores cadros de persoal valoran a mellora das condicións de traballo e a garantía da seguridade e saúde do persoal empregado como a principal razón que os impulsa a previr os riscos laborais.




Analízase, deseguido, cales son os principais motivos para a realización de accións para previr os riscos laborais por sector.

Igual que nas análises anteriores, as principais razóns son as mesmas que as que vimos ata o de agora: a mellora das condicións de traballo e a garantía da seguridade e saúde do persoal empregado, e o cumprimento da lexislación vixente.

No sector construción estas dúas razóns son as únicas seleccionadas. No sector industria son maioritarias, pero existen outras razóns como conseguir un bo clima laboral ou evitar as consecuencias legais, aínda que están moi pouco valoradas.

No sector servizos detéctanse outras razóns, aínda que as maioritarias coinciden cos outros sectores.



9.3. Valoración da regulamentación sobre a prevención de riscos laborais

Neste apartado analízase a valoración das empresas sobre a regulación actual en materia de prevención de riscos no traballo co obxecto de coñecer a súa opinión. Os aspectos da regulamentación que se avaliarán son os seguintes:

- A facilidade de aplicación
- A adecuación
- A sinxeleza
- Se é economicamente rendible
- Orientación a todos os sectores económicos
- Orientación a todos os tamaños de empresa

Cada un destes aspectos valorouse de 1 a 5, sendo 1 a valoración máis favorable e 5 a máis desfavorable.

Na seguinte táboa preséntanse as valoracións de cada un dos aspectos a analizar:


VALORACIÓN DA REGULAMENTACIÓN SOBRE PREVENCIÓN DE RISCOS NO TRABALLO	1	2	3	4	5
De doada aplicación	7,14%	8,67%	46,43%	16,84%	9,69%
Adecuada	10,71%	16,33%	35,71%	17,35%	8,16%
Sinxela	4,59%	13,27%	37,76%	20,41%	12,24%
Economicamente rendible	7,14%	17,86%	37,24%	18,37%	7,14%
Orientada a todos os sectores económicos	8,16%	13,78%	40,82%	20,41%	4,59%
Orientada a todos os tamaños de empresa	8,16%	15,82%	30,10%	18,88%	14,80%
Eficaz	10,71%	18,37%	40,31%	14,80%	3,57%

TÁBOA 35: VALORACIÓN DA REGULAMENTACIÓN SOBRE PREVENCIÓN DE RISCOS NO TRABALLO

Os aspectos mellor valorados polas empresas son a adecuación da regulación actual e a eficacia da mesma. Neste sentido, o 27,04% e o 29,08% respectivamente das empresas valoraron estes dous aspectos cunha puntuación de 1 ou 2. Pola contra, os puntos menos valorados foron a sinxeleza da regulación e a orientación a todos os tamaños de empresa. Un 32,65% das empresas puntuou cun 4 ou un 5 a sinxeleza da regulación, e cun 33,67% a súa orientación a todos os tamaños de empresa. Non obstante, cabe sinalar que existe unha gran tendencia a marcar unha puntuación de 3 para todos os aspectos valorados.

Na seguinte gráfica represéntase a puntuación media para cada unha das características valoradas:

GRÁFICA 99. VALORACIÓN MEDIA SOBRE A REGULAMENTACIÓN DE PREVENCIÓN DE RISCOS



Aínda que algúns aspectos están lixeiramente mellor valorados que outros, percíbese que a valoración das distintas características teñen unha puntuación próxima aos 3 puntos. Neste sentido, poderíase dicir que a valoración da regulación actual en prevención de riscos é de 3 sobre 5. Isto significa que a facilidade para a aplicación da regulación é media, a adecuación da regulación atópase nun punto medio, ten unha complexidade media (nin moi sinxela nin moi complexa), eficacia media, e non se adapta perfectamente a todos os tamaños de empresa nin a todos os sectores.

Ao analizar as valoracións segundo o tamaño de empresa evidénciase que para as empresas pequenas o aspecto peor valorado é a rendibilidade, a falta de orientación a pequenas empresas e a complexidade da regulación. As empresas de entre 50 e 99 persoas empregadas destacan tamén a falta de orientación a todos os sectores económicos. Por último, os centros con máis persoas empregadas destacan a dificultade de aplicación e considéranla excesiva.

VALORACIÓN “DESFAVORABLE” E “MOI DESFAVORABLE” DA REGULACIÓN DE PREVENCIÓN DE RISCOS	DE 1 A 9 TRABALLADORES/AS	DE 10 A 49 TRABALLADORES/AS	DE 50 A 99 TRABALLADORES/AS	DE 100 A 249 TRABALLADORES/AS	250 OU MÁIS TRABALLADORES/AS
Aplicabilidade	16,13%	28,41%	43,48%	25,00%	42,86%
Adecuación	19,35%	25,00%	43,48%	12,50%	42,86%
Sinxeleza	25,81%	36,36%	47,83%	12,50%	28,57%
Economicamente rendible	24,19%	25,00%	34,78%	25,00%	14,29%
Orientada a todos os sectores económicos	17,74%	23,86%	47,83%	25,00%	28,57%
Orientada a todos os tamaños de empresa	29,03%	31,82%	47,83%	50,00%	28,57%
Eficacia	14,52%	20,45%	17,39%	12,50%	14,29%


TÁBOA 36: VALORACIÓN DAS EMPRESAS “DESFAVORABLE” E “MOI DESFAVORABLE” SOBRE A REGULAMENTACIÓN SOBRE A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Tras unha análise por sector, apréciase que o menos conforme coa regulación actual de prevención de riscos laborais é a construción, seguido da industria e do sector servizos.

O aspecto menos valorado entre as empresas do sector da construción é a sinxeleza da regulación, cun 57,14% de empresas con puntuación 4 (desfavorable) ou 5 (moi desfavorable).

No sector industria o aspecto menos valorado é a falta de orientación da regulación a empresas medianas ou pequenas. No sector servizos sinalan desfavorablemente a complexidade e a falta de orientación da regulación a todos os tamaños de empresas.

GRÁFICA 100: VALORACIÓN DE "DESFAVORABLE" E "MUY DESFAVORABLE" DA REGULACIÓN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS POR SECTOR





10-(Conclusións)

10.1. Organización da prevención

- O 50,51% das empresas enquisadas conta cunha persoa delegada de prevención no centro de traballo. Destes/as delegados/as o 84,34% son homes e un 15,66% mulleres. Ao estudar a existencia da figura do persoal delegado de prevención segundo o tamaño da empresa detéctase que, en xeral, aumenta segundo se incrementa o tamaño do cadro de persoal. Así, no sector servizos vai aumentando a presenza desta figura ata o tamaño de empresa de 100 a 249 persoas (sufrindo logo un descenso), e no sector industria, ata o número de 50 a 99 persoas empregadas, no que se detecta un descenso para logo volver a aumentar. No sector da construción a presenza do persoal delegado de prevención aumenta en todos os rangos de tamaño de empresa analizados.
- A meirande parte das empresas (82,83%) manifesta que o persoal delegado de prevención recibe formación desde a súa designación sobre as súas responsabilidades en materia de seguridade e saúde no traballo.
- No 44,40% das empresas que contan coa figura de persoal delegado de prevención existe comité de seguridade e saúde no traballo, porcentaxe que aumenta co tamaño da empresa. No que respecta ao número de reunións do comité, cabe apuntar que algo máis da metade das empresas, o 54,54%, reúnese catro veces ao ano ou máis.
- De acordo cos resultados obtidos na enquisa sobre aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais, naquelas empresas que dispoñen de persoal delegado tense en conta a opinión do persoal traballador e dos seus representantes en aspectos como a avaliación de riscos (86,86%), a elección de equipos de traballo e/ou equipos de protección individual (EPI) (83,83%), a organización da prevención dos riscos (82,83%) e da formación na materia (79,80%). Outros aspectos coma a introdución de novas tecnoloxías (51,51%), a elección do servizo de prevención alleo (40,40%), ou a elección da mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais (40,40%), son consultados en menor medida ao persoal traballador e aos seus representantes, e xestiónase directamente polos órganos de dirección das empresas.
- A modalidade de organización preventiva predominante nas empresas galegas enquisadas é o servizo de prevención alleo (81,60%), pauta que seguen todos os sectores.
- Independentemente da modalidade de organización preventiva elixida, o 57,14% das empresas confirmou que o/a empresario/a designara a unha ou varias persoas encargadas da prevención de riscos laborais. O 64,38% do persoal designado son homes e o 35,62% mulleres.
- Desde a súa designación, o 71,44% do persoal empregado recibiu formación sobre seguridade e saúde no traballo, na súa meirande parte (27,68%) o curso de nivel básico de 30 ou 50 horas.
- O 62,80% das empresas afirma non dispoñer de persoal encargado de **ser recursos preventivos presentes durante a realización de actividades ou procesos que regulamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais**.
- Das empresas do sector da construción presentes nos polígonos industriais analizados, o 57,10% delas afirma contar coa figura do persoal coordinador de seguridade e saúde en obra.
- Das empresas que teñen contratado un servizo de prevención alleo como modalidade de organización preventiva, o 43,12% ten contratadas as especialidades preventivas con outros servizos de prevención alleos diferentes da sociedade de prevención vinculada á mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e o 38,75% das empresas tenas contratadas con esta sociedade de prevención. O 11,25% contrátasas con ambas as dúas entidades.

- As empresas contratan maioritariamente a outros servizos de prevención alleos distintos da sociedade de prevención vinculada á mutua de accidentes de traballo as especialidades de seguridade no traballo (46,87%), ergonomía e psicosocioloxía aplicada (38,75%) e hixiene industrial (48,12%). No caso da medicina do traballo contrátase maioritariamente á sociedade de prevención vinculada á mutua (41,25%).
- O 81,34% das empresas que ten contratado un servizo de prevención alleo como modalidade de organización preventiva están moi satisfeitas ou satisfeitas co seu traballo. A actuación mellor valorada é a facilidade para realizaren consultas ao servizo de prevención e a peor, o tempo de dedicación. Destaca a construción por ser o sector máis satisfeito.

10.2. Actividades preventivas

- O 31,96% dos centros de traballo realiza actividades de especial perigo. As actividades máis frecuentes foron traballos con exposición a axentes tóxicos e moi tóxicos (38,71%), as actividades en obras de construción, escavación, movementos de terras e túneles (32,26%), as actividades na industria siderúrxica e na construción naval (32,26%). O sector da construción é o máis representativo deste tipo de actividades.
- A meirande parte das empresas realizou a avaliación de riscos en todo o centro, un 94,90% do total. Son as empresas con menos persoal empregado as que presentan un maior número de casos que non a fixeron, concretamente as empresas con menos de 10 persoas empregadas é o grupo máis numeroso. O sector servizos é o único que conta con algún centro que non realizou a avaliación de riscos.
- Máis da metade das empresas que realizaron a avaliación de riscos, un 56,38%, tivo en conta a existencia de traballadoras en situación de embarazo ou parto recente, un 42,55% non o tiveron en conta porque non se deu esa circunstancia, e unicamente un 1,07% non o considerou. O único grupo de empresas que non tivo en conta esta circunstancia foi o de menos de 9 persoas empregadas. O sector que máis tivo en conta esta circunstancia foi o sector servizos.

- A circunstancia que puido afectar os riscos e que máis veces orixinou a revisión da súa avaliación foi a elección dos equipos de traballo (60,64%), seguida da modificación do acondicionamento dos lugares de traballo (58,51%). En xeral, ao aumentar o tamaño da empresa, incrementase a porcentaxe de empresas que fixo a revisión da avaliación. O sector no que se produciu unha maior proporción de revisións da avaliación de riscos foi a construción (78,57%), seguido da industria cun 77,05% de empresas.
- Os aspectos máis avaliados polas empresas nos últimos dous anos foron a seguridade das máquinas, equipos, materiais e instalacións de traballo, e as posturas de traballo, esforzos físicos e movementos repetitivos, cun 91,84% de empresas que afirma ter avaliado estes dous aspectos. Dos tres sectores analizados, o da construción foi o sector no que menos aspectos deste tipo se avaliaron, un 39,80% de casos.
- O 92,02% das empresas enquisadas afirma informar o persoal dos resultados da avaliación de riscos. O sector onde se informou dos resultados con maior frecuencia foi o da construción, concretamente, no 100% dos casos.
- O xeito de informar o persoal dos resultados da avaliación foi nalgúns casos verbalmente (no 30,54% das empresas), noutros por escrito (no 33,53% das empresas), e noutros casos verbalmente e por escrito (no 35,33% das empresas), practicamente na mesma proporción. Non obstante, a comunicación verbal da avaliación incrementase cando se reduce o tamaño da empresa, e a comunicación verbal e por escrito, en xeral, cando aumenta o tamaño da empresa. O 38,00% das empresas con menos de 10 persoas empregadas informa verbalmente da avaliación; esta porcentaxe diminúe ao 33,77% para as empresas de entre 10 e 49 persoas traballando, e ao 19,05% para as empresas de entre 50 e 99 persoas empregadas. Para as empresas con máis de 100 persoas no cadro de persoal non se deu ningún caso de comunicación unicamente verbal. Con respecto á comunicación verbal e por escrito, as porcentaxes son do 26,00% para as empresas con menos de 10 persoas empregadas, e do 71,43% para as empresas de 250 ou máis persoas empregadas.
- A persoa que máis veces lle comunica os resultados da avaliación de riscos ao persoal é o técnico do servizo de prevención (no 43,71% dos casos), seguido do/a empresario/a (36,53%).

- O 96,93% das empresas enquisadas ofreceu ao seu persoal a posibilidade de pasar un recoñecemento médico. En concreto, o 59,69% das empresas manifesta que ofreceu a posibilidade de pasar un recoñecemento específico en función dos riscos laborais e un 37,24% das empresas ofreceu un recoñecemento xeral. Detéctase que, en xeral, ao aumentar o tamaño do centro de traballo increméntanse as posibilidades de que a empresa ofrezca un recoñecemento específico, aínda que as empresas de entre 50 e 99 persoas empregadas presentan maiores posibilidades que as que teñen entre 100 e 249. O sector da construción é o que en máis casos ofreceu a posibilidade de realizar recoñecementos específicos (no 92,86% das empresas).
- Evidénciase que nos centros que realizan actividades de especial perigo o número de recoñecementos específicos que se ofrecen é superior (74,19%) aos centros que non realizan este tipo de actividades (52,27%). Obsérvase a mesma pauta cando existe delegado/a de prevención.
- O lugar que con máis frecuencia escollen as empresas para facer os recoñecementos médicos son as dependencias do servizo de prevención alleo independentemente do tamaño da empresa e do sector.
- A actividade preventiva máis frecuente entre as empresas é a información de riscos laborais e das medidas adoptadas (89,29%), mentres que a menos frecuente é a elaboración dun plan de autoprotección (38,27%). A porcentaxe de empresas que realiza actividades preventivas é superior sempre que exista delegado/a de prevención, e a construción é o sector no que maior implantación existe das actividades preventivas (un 84,29% de media), que supera os outros sectores en todas as actividades preventivas, excepto na elaboración do plan de autoprotección.
- En relación co plan de emerxencia e de evacuación, detéctase que a actuación contemplada por un maior número de empresas é ter en conta os medios materiais de prevención no plan de emerxencia e evacuación (no 90,32% das empresas). As funcións a desempeñar polos medios humanos en caso de emerxencia foi a actividade menos veces prevista nun plan de emerxencia e evacuación (no 76,34% das empresas). As empresas con poucas persoas empregadas realizan en menor medida as actuacións preventivas relacionadas co plan de emerxencia. De feito, nas empresas con cadros de persoal de máis de 100 persoas non se deu ningún caso no que non se realizarán estas actuacións preventivas. Para as empresas con menos de 10 persoas empregadas esta porcentaxe foi do 10,25%, do 3,96% para as empresas de entre 10 e 49, e do 5,95% nas empresas de entre 50 e 100. O sector con máis actividades implantadas foi o sector da industria (no 92,80% das empresas). Se se teñen en conta todos os sectores, a implantación das actividades descende a un 84,14%.
- O 85,20% das empresas realizou no centro de traballo durante os dous últimos anos algunha actividade ou actividades formativas sobre seguridade e saúde no traballo. A medida que aumenta o tamaño de empresa, aumenta a porcentaxe de empresas que realizaron actividades formativas sobre seguridade e saúde no traballo, e o sector con maior porcentaxe de empresas que realizou actividades formativas foi o da construción (92,86%).
- A porcentaxe de empresas que realiza accións formativas increméntase coa existencia de delegado/a de prevención. Do mesmo xeito, nos centros de traballo onde se realizan actividades de especial perigo, o número de empresas que leva a cabo accións formativas relacionadas coa seguridade e a saúde no traballo é superior que no caso de centros que non realizan actividades perigosas (sen deixar de ser un número elevado).
- O colectivo que máis formación recibiu sobre seguridade e saúde foi o dos/as traballadores/as propios/as, seguido dos mandos intermedios.
- O principal motivo para realizar a formación sobre seguridade e saúde no traballo é a mellora, en xeral, da formación sobre o tema (no 62,87% das empresas), seguido da contratación de novo persoal (no 48,50% das empresas).
- A entidade máis empregada para impartir a formación foi o servizo de prevención alleo, cun 79,64% de empresas que elixiron esta opción. A seguinte entidade máis empregada foi a propia empresa cun 44,91%.

10.3. Máquinas e equipos de traballo

- O 58,67% das empresas manifesta que máis do 90% da súa maquinaria leva marcado CE. En canto á disposición da declaración CE de conformidade coa directiva de seguridade das máquinas, o 54,59% das empresas afirma ter devandita declaración en máis do 90% da súa maquinaria. O 57,65% das empresas dispón de manual de instrucións para máis do 90% da maquinaria.
- O 78,53% das empresas afirma aplicar, case sempre, algún sistema de recepción da maquinaria para a aceptación da mesma. Non obstante, o 15,71% das empresas non segue ningún procedemento. Os sectores que máis realizan este procedemento son o da construción e o da industria.

10.4. Sinistralidade: estimación, investigación, causas e consecuencias

- No 58,16% das empresas produciuse algún accidente de traballo ou algunha enfermidade profesional nos últimos dous anos e o sector con maior número de incidentes foi o da construción (un 78,57% das empresas).
- En algo máis da metade das empresas tivo lugar algún accidente leve con baixa, no 24,49% delas, accidentes *in itinere*, no 7,14% accidentes graves, e no 0,51% das empresas tivo lugar algún accidente mortal. Con respecto á tipoloxía de continxencias, sinalar que o 89,97% foron accidentes leves con baixa, e o 0,06%, accidentes mortais.
- Cando se produciron accidentes leves con baixa, na metade dos casos (49,06%) os afectados continuaron no mesmo posto de traballo sen que este se modificase. No 20,75% dos accidentes leves con baixa modificouse o posto, e os afectados permaneceron nel.
- No que respecta aos accidentes graves, detéctanse varios tipos de comportamento: nalgúns casos apartáronse as persoas afectadas do risco e incorporáronse noutro posto de traballo (un 21,43% dos casos), mentres que noutras situacións non se modificaron os postos de traballo nin se apartaron as persoas afectadas (un 21,43% dos casos). No 14,3% das situacións, ou ben se

modificou o posto de traballo e as persoas afectadas permaneceron no mesmo posto, ou ben as persoas afectadas continúan de baixa por accidente.

- O persoal da empresa investigou os accidentes con baixa e as enfermidades profesionais na meirande parte dos casos, un 78,50% das empresas investigou os accidentes e un 88,99% as enfermidades. A Inspección de Traballo foi o seguinte colectivo que realizou máis investigacións destas circunstancias. Así, o 45,79% das empresas afirma que este colectivo investigou os accidentes nelas ocorridos, e o 33,33% manifesta que investigou as enfermidades profesionais. Sinalase que as empresas enquisadas podían indicar máis dun colectivo como as entidades ou persoas que investigaron os accidentes ou as enfermidades ocorridas. Por esa razón, o tratamento dos datos fíxose coma se se tratase dunha pregunta de resposta múltiple, e en consecuencia, a suma das porcentaxes é superior ao 100%.
- O 65,79% das empresas afirma que a principal causa para que se produza un accidente de traballo está relacionada coas distraccións, descoidos, despistes ou falta de atención. A seguinte causa máis importante, segundo o número de empresas que a sinala (o 53,51%) son as posturas forzadas ou a realización de sobreesforzos durante a tarefa.
- O 71,93% das empresas que sufriu algún accidente de traballo ou enfermidade profesional non dispón da información do custo económico que lle supón os accidentes de traballo, tan só o 21,05% das empresas o ten contemplado. Se se analiza este dato en relación co tamaño empresarial detéctase que, en xeral, as empresas con maior número de persoas empregadas son as que presentan unha porcentaxe máis elevada de análise deste custo económico. Os datos obtidos evidencian que o da construción é o sector que máis ten contemplado o custo económico dos accidentes.

10.5. Motivación para previr os riscos laborais

- A razón que motiva as empresas a pór en marcha actuacións relacionadas coa prevención de riscos máis valorada foi, en primeiro lugar, mellorar as condicións de traballo e garantir a seguridade e saúde do persoal empregado (un 51,53% das empresas) e, en segundo lugar, cumprir coa lexislación vixente (un 42,86% das empresas).

- Para os centros de traballo con menos traballadores/as o principal motivo para previr os riscos é cumprir coa lexislación vixente (un 58,45% das empresas con menos de 10 traballadores/as fronte ao 14,29% das empresas con 250 ou máis persoas empregadas). Por outra banda, as empresas con maiores cadros de persoal valoran a mellora das condicións de traballo e a garantía da seguridade e saúde do seu persoal como a principal razón que os impulsa a previr os riscos laborais (un 85,71% das empresas con 250 ou máis persoas empregadas fronte ao 38,71% das empresas de menos de 10 persoas).
- Os aspectos da regulamentación actual en materia de prevención de riscos no traballo mellor valorados polas empresas son a adecuación da regulamentación actual e a súa eficacia. Aínda que algúns aspectos están lixeiramente mellor valorados que outros, percíbese que a valoración das distintas características teñen unha puntuación próxima aos 3 puntos nunha escala de 1 a 5, na que o 1 é a situación máis favorable e o 5 a máis desfavorable. Ao analizar as valoracións segundo o tamaño de empresa, evidénciase que para as empresas pequenas os aspectos peor valorados son a rendibilidade, a falta de orientación a pequenas empresas e a complexidade da regulamentación. Por último, os centros con maiores cadros de persoal destacan a dificultade de aplicación e considéranas excesiva. O sector menos conforme coa regulamentación actual de prevención de riscos laborais é o da construción.



11-(Anexo)

DIAGNÓSTICO DE SITUACIÓN DAS EMPRESAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS GALEGOS EN RELACIÓN Á PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde laboral é un organismo autónomo adscrito organicamente á consellería competente en materia de traballo, que se configura como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais ao que lle corresponde a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo para a totalidade de persoal traballador radicado na Comunidade Autónoma de Galicia. Entre outras funcións, ten a misión da análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo. Con este obxectivo, realiza a Enquisa autonómica de condicións de traballo.

SEGREDO ESTATÍSTICO: A efectos do disposto na Lei 12/1989, de 9 de maio, da función estatística pública, na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e na demais normativa aplicable, queda garantida a correcta utilización da información facilitada polas empresas para a execución deste estudo, así como o segredo estatístico dos datos subministrados.

Os estudos estatísticos están protexidos por a Lei da Función Estatística Pública (LFEP), que garante que os datos subministrados queden amparados polo segredo estatístico e que en ningún caso se fará un mal uso dos mesmos. Neste senso, os datos trataranse de xeito anónimo e global.

Moitas grazas pola súa colaboración.

ENQUISA:

*Obrigatorio

P.1 Na actualidade, cal é o número de centros cos que conta a empresa en Galicia (coa mesma razón social) incluído este centro? *

- ☐ Só este centro de traballo → (neste caso saltará á pregunta 4)
- ☐ De 2 a 5 centros de traballo
- ☐ De 6 a 10 centros de traballo
- ☐ Máis de 10 centros de traballo

P.2 Na actualidade, cal é a actividade económica principal da empresa?* (Descríbase de xeito preciso e concreto a principal actividade realizada)

CNAEs: _____

* O CNAE debería darse coa clasificación do ano 2009 e coa do 1993.

P.3 Actualmente, cal é o número de traballadores/as da empresa en Galicia?*

Nº de traballadores/as: _____ (Aínda que sexa aproximado)

CUESTIÓNS XERAIS SOBRE O CENTRO DE TRABALLO

P.4 Cal é a actividade económica principal deste centro de traballo?* (Descibir de xeito preciso e concreto a principal actividade realizada)

CNAEs: _____

* O CNAE debería darse coa clasificación do ano 2009 e coa do 1993

P.5 Canto tempo leva este centro de traballo realizando a súa actividade?*

- ☐ De 0 a 6 meses
- ☐ De 6 meses a 1 ano
- ☐ De 1 a 5 anos
- ☐ De 5 a 10 anos
- ☐ Máis de 10 anos

P.6 Distribúa (aínda que sexa de maneira aproximada) o persoal ocupado actualmente no centro de traballo seguindo o patrón indicado en cada punto:

Por persoal ocupado enténdense todos os traballadores/as desta empresa, doutras ou de autónomos que desenvolven a súa actividade laboral para este centro de traballo (tanto nos propios locais como fóra deles) aínda que ese día estean de baixa, vacacións ou situacións similares, encontrándose excluídos o dono, empresario/a ou similar.

	PARA A ACTIVIDADE PROPIA	CATERING	INFORMÁTICA	VIXILANCIA	LIMPEZA	OUTRAS, ESPECIFICAR
Persoal propio	Indefinidos ou fixos descontinuos					
	Contratos de duración determinada (obra ou servizo eventual por circunstancias da produción, interinos, de formación ou en prácticas...)					
Persoal alleo	Traballadores/as de contratas ou subcontratas					
	Autónomos non dependentes					
	Autónomos dependentes (soamente traballan para esta empresa)					
	Traballadores/as de E.T.T.					
	Outros					
TOTAL						

CUESTIÓNS XERAIS

P.7 (Só para os que responderon na P.6 que teñen persoal alleo) Ante a situación de concorrencia empresarial (presenza de traballadores/as de varias empresas no mesmo centro de traballo), sinala que medidas de coordinación se toman no seu centro de traballo:

	SI	NON
Intercambio de información preventiva entre as empresas concorrentes		
Reunións periódicas entre as empresas concorrentes		
Reunións conxuntas do comité de seguridade e saúde, empresarios/as e delegados/as de prevención		
Difusión de instrucións conxuntas adecuadas aos riscos existentes		
Establecemento de medidas e procedementos preventivos de forma conxunta		
Existencia do/a coordinador/a de actividades preventivas		
Outra. Especificar _____		

P.8 Distribúa o persoal propio segundo sexo e nacionalidade:

	N. española	N. estranxeira	Total
Homes			
Mulleres			

P.9 Distribúa o persoal propio deste centro segundo a súa idade:

- Nº de traballadores/as entre 16 e 19 anos _____
- Nº de traballadores/as entre 20 e 24 anos _____
- Nº de traballadores/as entre 25 e 54 anos _____
- Nº de traballadores/as entre 55 e 65 anos _____

P.10 Distribúa o persoal propio deste centro segundo o lugar onde se realice a maior parte do seu traballo:*

- Neste centro de traballo*
- Noutros centros de traballo da mesma empresa*
- Noutras empresas*
- Na rúa (reparacións, mantemento, reparto, obras...)*
- No seu domicilio particular*
- Outro. Especificar*
- TOTAL*

P.11 Distribúa o persoal propio deste centro segundo o tipo de horario que teña na actualidade:

- Xornada partida: mañá e tarde
- Xornada continua: fixo de mañá
- Xornada continua: fixo de tarde.....

- Xornada continua: fixo de noite
- Horario en equipos rotativos (quendas): mañá/tarde.....
- Horario en equipos rotativos (quendas): mañá/tarde/noite.....
- Horario en equipos rotativos (quendas): Outro tipo.....
- Outro (especificar).....
- TOTAL.....

P.12 Neste centro de traballo, realízase algunha das actividades de especial perigo (incluídas no anexo I do Regulamento dos servizos de prevención)? (SON POSIBLES VARIAS RESPONSTAS)*

- ☐ Traballos con exposicións a radiacións
- ☐ Traballos con exposicións a axentes tóxicos e moi tóxicos
- ☐ Actividades en que interveñen produtos químicos de alto risco
- ☐ Traballos con exposicións a axentes biolóxicos do grupo 3 (un axente patóxeno que poida causar unha enfermidade grave no ser humano e presente un serio perigo para os traballadores/as; existe o risco de que se propague na colectividade, pero existen xeralmente profilaxes ou tratamentos eficaces)
- ☐ Traballos con exposicións a axentes biolóxicos do grupo 4 (un axente patóxeno que cause unha enfermidade grave no ser humano e supoña un serio perigo para os traballadores/as; existen moitas probabilidades de que se propague na colectividade e non existe xeralmente profilaxes ou tratamentos eficaces)
- ☐ Actividades de fabricación, manipulación e utilización de explosivos
- ☐ Traballos propios de minaría a ceo aberto e sondaxes en superficie terrestre ou en plataformas mariñas

- ☐ Traballos propios de minaría no interior
- ☐ Actividades de inmersión baixo a auga
- ☐ Actividades en obras de construción, escavación, movementos de terras e túneles
- ☐ Actividades na industria siderúrxica e na construción naval
- ☐ Produción ou utilización significativa de gases comprimidos, licuados ou disoltos
- ☐ Traballos que produzan concentracións elevadas de po silíceo
- ☐ Traballos con riscos eléctricos de alta tensión
- ☐ Ningunha das anteriores

P.13 Na súa empresa, está implantado un sistema de xestión para a seguridade e saúde no traballo?*

- ☐ Non
- ☐ Non, pero está en estudo
- ☐ Si, baseado no estándar OHSAS 18001
- ☐ Si, baseado noutro sistema. Especificar:

P.14 Neste centro de traballo, hai risco de...? (SON POSIBLES VARIAS RESPOTAS) *

- ☐ Accidentes de traballo
- ☐ Enfermidades producidas por axentes físicos, químicos ou biolóxicos
- ☐ Problemas musculoesqueléticos asociados a posturas, esforzos ou movementos
- ☐ Estrés, depresión, ansiedade
- ☐ Outras enfermidades ou trastornos relacionados co traballo
- ☐ Neste centro de traballo non hai

P.15 Na súa empresa, a situación respecto á seguridade e saúde no traballo tivo algunha das seguintes repercusións? (SON POSIBLES VARIAS RESPOTAS)

- ☐ Advertencia por escrito ou sanción a un/unha ou a varios/as dos/as traballadores/as
- ☐ Paros ou mobilizacións dos traballadores/as
- ☐ Propostas de sanción por parte da Inspección de Traballo
- ☐ Imputación a algún directivo ou mando intermedio nun acto xudicial
- ☐ Recargo nas prestacións aos/ás traballadores/as accidentados/as ou enfermos/as por parte da Seguridade Social
- ☐ Outro. Especificar:
- ☐ Ningunha das anteriores

P.16 Neste centro de traballo, hai algún/algunha delegado/a de prevención de riscos laborais representando os/as traballadores/as?

- ☐ Si
- ☐ Non → (neste caso saltará á pregunta 21)

DELEGADOS DE PREVENCIÓN

P.17 Indique cantos/as delegados/as de prevención teñen neste centro

	Homes	Mulleres
Nº de delegados/as de prevención	_____	_____

P.18 Estes/as delegados/as de prevención, recibiron formación sobre seguridade e saúde no traballo desde a súa designación?*

- ☐ Si, todos
- ☐ Si, algúns
- ☐ Non

P.19 Neste centro de traballo, hai comité de seguridade e saúde no traballo?

- ☐ Si
- ☐ No → (neste caso saltará á pregunta 21)

COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE

P.20 Nos últimos doce meses, cantas veces se reuniu o comité de seguridade e saúde?*

- | | |
|-----------------------------------|--|
| ☐ Ningunha | ☐ Tres |
| ☐ Unha | ☐ Catro |
| ☐ Dúas | ☐ Máis de catro |

PREVENCIÓN DE RISCOS

P.21 Neste centro de traballo, sobre cales dos seguintes aspectos relacionados coa seguridade e saúde no traballo se consulta aos/ás traballadores/as ou aos/ás seus/súas representantes?

	A ningún	A delegados/as de prevención	A traballadores/as	A ambos	Non aplica
Avaliación de riscos					
Introdución de novas tecnoloxías					
Elección de equipos de traballo e/ou equipos de protección individual (EPI)					
Organización da prevención de riscos laborais					
Organización da formación					
Elección do servizo de prevención alleo					
Elección da mutua que cobre os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais					
Os postos de traballo sen riscos en casos de incompatibilidade polo embarazo					

P.22 Nesta empresa, que figuras ou recursos teñen implantados para a prevención de riscos laborais? (SON POSIBLES VARIAS RESPOTAS)*

- ☐ Dispone de traballadores/as encargados/as da coordinación de actividades empresariais
- ☐ Coordinador de seguridade e saúde (soamente para empresas de construción)
- ☐ Traballadores encargados de ser *recursos preventivos presentes* durante a realización de actividades ou procesos que regulamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais
- ☐ Ningún dos anteriores

P.23 O/a empresario/a designou un/unha ou varios/as traballadores/as encargados/as da prevención de riscos?*

- ☐ Si
- ☐ Non (neste caso saltará á pregunta 27)

TRABALLADORES/AS DESIGNADOS/AS

P.24 Cantos/as traballadores/as designados/as polo empresario/a existen neste centro de traballo?

	Homes	Mulleres
Nº de traballadores/as designados/as		

P.25 Cantos destes/as traballadores/as designados/as na actualidade tiñan formación ou experiencia en seguridade e saúde no traballo cando foron designados e de que tipo?

	Nº de traballadores/as designados/as
Non	
Si, formación	
Si, experiencia	
Si, formación e experiencia	

P.26 ¿Cantos destes/as traballadores/as designados/as recibiron formación sobre seguridade e saúde no traballo desde a súa designación e de que tipo?

	Nº de traballadores/as designados/as
Non	
Si, menos de 30 horas	
Si, curso de nivel básico (30 a 50 horas)	
Si, curso de nivel intermedio (300 horas)	
Si, curso de nivel superior (600 horas)	

ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS

P.27 A organización da prevención de riscos da súa empresa, organízase a través de:

- ☐ O/a empresario/a asume persoalmente a función de prevención de riscos → (neste caso saltará á pregunta 33)
- ☐ Si, dispónse dun servizo de prevención propio → (neste caso saltará a pregunta 28)
- ☐ Si, dispónse dun servizo de prevención alleo → (neste caso saltará a pregunta 30)
- ☐ Si, dispónse dun servizo de prevención mancomunado → (neste caso saltará á pregunta 33)
- ☐ Si, dispónse dun servizo de prevención propio xunto cun servizo de prevención alleo → (neste caso saltará á pregunta 28)
- ☐ Si, dispónse dun servizo de prevención propio xunto cun servizo de prevención mancomunado → (neste caso saltará a pregunta 28)
- ☐ Si, dispónse dun servizo de prevención alleo máis mancomunado → (neste caso saltará a pregunta 30)

SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO E ALLEO

P.28 Das persoas que compoñen este servizo de prevención propio ¿Cantas realizan funcións...? (En caso de dúbida respecto ás funcións consultar en:

http://www.crea.es/prevencion/audito/pag_int/ejemplos/4_2_1_funciones.pdf)

	Homes	Mulleres
Funcións de nivel superior		
Funcións de nivel intermedio		
Funcións de nivel básico		

P.29 Das persoas que compoñen este servizo de prevención propio. Cantas realizan funcións de...?

	Nº de compoñentes do servizo de prevención propio
Seguridade no traballo	
Hixiene industrial	
Ergonomía/Psicosocioloxía aplicada	
Medicina do traballo	

P.30 Que especialidades preventivas e/ou actividades de prevención ten contratadas co servizo de prevención alleo? Sinala en cada caso con que tipo de entidade a/s ten contratada/s?

Marque cunha X a/as especialidades preventiva/s e/ou a/as actividade/s de prevención contratadas situando cada unha delas segundo o tipo de entidade coa que as ten contratadas. Como é posible que teña contratos con varias entidades especializadas distintas, para diferenciarlas denominaranse A, B e C; no caso de que soamente teña contrato cunha entidade especializada marque unha X na opción correspondente da columna A

	ESPECIALIDADES PREVENTIVAS	TIPO DE ENTIDADE			
		SOCIEDADE DE PREVENCIÓN VINCULADA A SÚA MUTUA	OUTROS SERVICIOS DE PREVENCIÓN ALLEOS		
			A	B	C
ESPECIALIDADES PREVENTIVAS	Seguridade no traballo	☐	☐	☐	☐
	Hixiene no traballo	☐	☐	☐	☐
	Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada	☐	☐	☐	☐
	Medicina do traballo	☐	☐	☐	☐
ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN	Elaboración do plan de prevención	☐	☐	☐	☐
	Planificación da actividade preventiva	☐	☐	☐	☐
	Elaboración da documentación derivada do plan de prevención	☐	☐	☐	☐
	Avaliación de riscos e a súas actualizacións	☐	☐	☐	☐
	Seguimento e control da eficacia das medidas preventivas implantadas	☐	☐	☐	☐
	Vixilancia médica específica	☐	☐	☐	☐
	Actuación do servizo de prevención alleo como recurso preventivo de presenza obrigada	☐	☐	☐	☐

	Coordinación das actividades empresariais en materia de prevención	☐	☐	☐	☐
	Información dos/as traballadores/as	☐	☐	☐	☐
	Formación dos/as traballadores/as	☐	☐	☐	☐
	Controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos/as traballadores/as	☐	☐	☐	☐
	Investigación de accidentes de traballo	☐	☐	☐	☐
	Elaboración e control das medidas de actuación ante emerxencias	☐	☐	☐	☐
	Memoria anual das actividades preventivas	☐	☐	☐	☐
	Outra. Especificar:				

P.31 Puntúe de 1 a 4, segundo o grao de satisfacción da súa empresa, as seguintes actuacións do servizo de prevención alleo que ten contratado:

Sendo) 1. Pouco satisfactorio 2. Satisfactorio 3. Pouco satisfactorio 4. Nada satisfactorio

Facilidade para realizarlle consultas	
Rapidez nas súas respostas	
Cumprimento coas actividades contratadas	
Cumprimento coa planificación prevista	
Tempo de dedicación	
Aplicación das solucións e medidas preventivas recomendadas	

P.32 Con que entidade ten contratada a empresa o servizo de prevención alleo?

- ☐ Coa sociedade de prevención vinculada á súa mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais
- ☐ Con outros servizos de prevención alleos
- ☐ Con ambos

AVALIACIÓN DE RISCOS

P.33 Neste centro de traballo, ¿realizouse a avaliación dos riscos para a seguridade e saúde dos/as traballadores/as?*

Si, realizouse	En todo o centro		
	En parte do centro		
Non se realizou	Pero está previsto		→ (Neste caso saltará á pregunta 38)
	Non está previsto		→ (Neste caso saltará á pregunta 38)
Estase a realizar agora mesmo			→ (Neste caso saltará á pregunta 38)

P.34 Neste centro de traballo, indique se se ten revisado a avaliación de riscos cando estes riscos se puideron ver afectados por:*

	Si se fixo	Non se deu esta circunstancia	Non
A elección dos equipos de traballo			
A elección das substancias ou preparados químicos			
A modificación no acondicionamento dos lugares de traballo			
O cambio das condicións de traballo			
A incorporación dun/dunha traballador/a que ten características persoais ou estado biolóxico coñecido que o fai especialmente sensible ás condicións do posto			
A produción de danos para a saúde (accidentes e/ou enfermidades)			
Cando se aprecia, a través dos controis periódicos, que as actividades de prevención non son adecuadas ou son insuficientes			

P.35 Tívoise en conta na avaliación de riscos a presenza de traballadoras que poidan estar en situación de embarazo ou parto recente e se vexan afectadas polas condicións do posto?*

- ☐ Si se tivo en conta
- ☐ Non se deu esta circunstancia
- ☐ Non

P.36 Infórmase os/as traballadores/as dos resultados da avaliación de riscos que afecta ao seu posto de traballo ou función?*

- ☐ Si
- ☐ Non → (neste caso saltará á pregunta 38)

P.37 Como e quen informa os/as traballadores/as dos resultados da avaliación de riscos que afectan o seu posto de traballo ou función?

	O/a empresario/ a dirección	Os/as xefes/as directos	Os/as delegados/as de prevención	Os/as técnicos/as do servizo de prevención	Os/as traballadores /as designados/as
Verbalmente					
Por escrito					

RECOÑECEMENTOS MÉDICOS

P.38 Aos/ás traballadores/as deste centro de traballo, ofrecéuselles a posibilidade de pasar un recoñecemento médico no último ano?*

- ☐ Si, recoñecementos xerais
- ☐ Si, recoñecementos específicos en función dos riscos laborais
- ☐ Non (Neste caso saltará á pregunta 40)

P.39 ¿Onde foron realizados estes recoñecementos médicos? (SON POSIBLES VARIAS RESPUESTAS)

- ☐ Nunha clínica concertada
- ☐ Nas dependencias do servizo de prevención alleo/sociedade de prevención
- ☐ Nunha unidade móbil
- ☐ Nas dependencias do servizo de prevención propio
- ☐ Noutro lugar. Especificar:

ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE RISCOS

P.40 Indique que outras actividades relacionadas coa prevención de riscos laborais se desenvolveron ou se están a desenvolver neste centro de traballo:*

	SI	ESTÁ PREVISTO	NON
Elaboración do plan de prevención			
Planificación da actividade preventiva			
Establecemento de prioridades e controis de eficacia das actividades preventivas			
Definición das medidas de emerxencia			
Prácticas derivadas do plan de emerxencia (simulacros de evacuación,...)			
Elaboración dun plan de autoprotección			
Formación en materia de seguridade e saúde no traballo			
Información de riscos laborais e das medidas adoptadas			
Investigación de accidentes de traballo			
Asignación aos responsables xerárquicos da obriga de incluír a prevención en todas as decisións que adopten			
Outra. Especificar:			

P.41 Indique cales das seguintes actividades relacionadas co plan de emerxencia e evacuación están contempladas:*

	SI	ESTÁ PREVISTO	NON
Avaliación dos riscos (incendio, inundación, etc.) nos edificios			
Medios materiais de protección: extintores, BIE, etc.			
Itinerarios e saídas de emerxencia			
Funcións a desempeñar polos medios humanos en caso de emerxencia			

P.42 Durante os dous últimos anos, indique se se avaliaron neste centro de traballo os seguintes aspectos e, en caso positivo, se se adoptaron medidas:*

	Non se avaliaron	Si se avaliaron ⇨ adoptáronse medidas?		
		Non facía falla	Non, pero estámolo estudando	Si
Seguridade das máquinas, equipos, materiais e instalacións de traballo				
Substancias ou produtos químicos perigosos, nocivos ou tóxicos				
Posturas de traballo, esforzos físicos e movementos repetitivos				
Axentes biolóxicos (bacterias, protozoos, virus, fungos e parasitos)				
Axentes físicos (ruído, vibracións, radiacións, temperatura e humidade, etc.)				
Deseño do lugar de traballo (mobiliario, espazo, superficies, etc.)				
Aspectos psicosociais e organizativos (horario, pausas, ritmo, estrés, etc.)				
Outra. Especificar:				

P.43 Durante os dous últimos anos, neste centro de traballo, realizouse algunha actividade ou actividades formativas sobre seguridade e saúde no traballo?*

- ☐ Si
- ☐ Non →(neste caso saltará á pregunta 47)

FORMACIÓN

P.44 Que colectivos deste centro de traballo recibiron esta formación?

	SI	NON	NON EXISTE COLECTIVO
As persoas que desempeñan funcións específicas de seguridade e saúde			
Os mandos superiores (directivos)			
Os mandos directos (intermedios)			
Resto de traballadores/as			
Persoal de contratas			

P.45 Cales foron ou son os motivos para a realización desta actividade formativa sobre seguridade e saúde no traballo? (SON POSIBLES VARIAS RESPOTAS)

- ☐ A contratación de novos/as traballadores/as
- ☐ A asignación de funcións preventivas a certos/as traballadores/as
- ☐ O cambio nas funcións desempeñadas polo/a traballador/a
- ☐ A incorporación de novas tecnoloxías
- ☐ O cambio nos equipos de traballo
- ☐ A demanda dos/as traballadores/as ou dos seus representantes
- ☐ Os riscos detectados na avaliación de riscos
- ☐ A investigación dun accidente de traballo ou enfermidade
- ☐ A mellora en xeral da formación sobre o tema
- ☐ Outra. Especificar:

P.46 Que entidade ou entidades levaron a cabo a citada formación? (SON POSIBLES VARIAS RESPOTAS)

- ☐ A propia empresa (incluídos servizo de prevención propio, servizo de prevención mancomunado e traballador/a designado)
- ☐ Administracións públicas (estatal, autonómica ou local)
- ☐ Asociacións ou colexios profesionais
- ☐ Organizacións empresariais
- ☐ Sindicatos
- ☐ Universidades ou outros centros docentes
- ☐ Asesores e consultores privados
- ☐ Empresas subministradoras de máquinas, de produtos, de equipos de protección individual, etc.
- ☐ Servizo de prevención alleo
- ☐ Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais
- ☐ Outra. Especificar:

MAQUINARIA

P.47 Respecto á maquinaria da que dispón a empresa, indíquese de modo aproximado...*

	PORCENTAXE
Que porcentaxe da maquinaria leva marcado <i>CE</i> ?	
Que porcentaxe da maquinaria vai acompañada dunha declaración <i>CE</i> de conformidade coa directiva de seguridade das máquinas?	
Que porcentaxe da maquinaria leva manual de instrucións en castelán?	

P.48 Para a aceptación dunha máquina, antes da posta en servizo, aplícase algún sistema de recepción da mesma co que se verifica que se cumpren as especificacións e a regulamentación aplicable?

- ☐ Si, case sempre
- ☐ Non, case nunca

ACCIDENTES DE TRABAJO

P.49 Ocorreu algún accidente de traballo nos dous últimos anos na súa empresa?*

- ☐ Si
- ☐ Non →(pasará á pregunta 55)

P.50 Nos dous últimos anos, indique o número de accidentes de traballo e enfermidades profesionais ocorridos no centro de traballo:

Por accidentes *in itinere* enténdense todos aqueles accidentes ocorridos durante o traxecto do domicilio do traballador/a ao centro de traballo e do centro de traballo ao domicilio. Se a resposta é ningún, anótese un 0 no apartado correspondente.

	Nº de accidentes
Accidentes leves con baixa	
Accidentes graves	
Accidentes mortais	
Enfermidades profesionais	
Accidentes <i>in itinere</i>	

P.51 Distribúa o número de afectados segundo a súa evolución na empresa tras o accidente ou enfermidade.

	Accidentes leves con baixa	Accidentes graves	Enfermidades profesionales
Os afectados foron apartados do risco e incorporados a outro posto de traballo			
O posto de traballo foi modificado e os afectados permaneceron no mesmo posto			
Os afectados continuaron no mesmo posto sen que este se modificase			
Os afectados continúan de baixa por accidente ou enfermidade profesional			
Os afectados abandonaron a empresa a petición propia			
Os afectados abandonaron a empresa tras a baremación do INSS/EVI (incapacidade)			
Os afectados abandonaron a empresa por outras circunstancias			
Os afectados faleceron como consecuencia do accidente ou enfermidade			

P.52 Indique que persoas ou entidades investigaron os accidentes e/ou enfermidades, e o número investigado en cada caso.

	Accidentes de traballo con baixa (leves e graves)	Enfermidades profesionales
Non se investigaron		
Persoal da empresa (incluídos traballador/a designado, servizo de prevención propio e servizo de prevención mancomunado)		
Servizo de prevención alleo		
Inspección de Traballo		
Órgano técnico da Comunidade Autónoma		
Outro. Especificar:		

P.53 Indique, da seguinte relación, cales son as principais causas dos accidentes ocorridos no seu centro de traballo nos dous últimos anos: (SON POSIBLES VARIAS RESPONSTAS)

- ☐ Aberturas ou ocos desprotexidos, escaleiras ou plataformas en mal estado
- ☐ Falta de espazo, de limpeza ou desorde
- ☐ Mantemento inadecuado ou deficiente
- ☐ Sinalización de seguridade inexistente ou deficiente
- ☐ Falla de proteccións das máquinas ou equipos, ou as que hai son deficientes
- ☐ Falla ou inadecuación de equipos de protección individual
- ☐ Equipos e ferramentas en mal estado
- ☐ Manipulación inadecuada de produtos, substancias químicas ou materiais perigosos
- ☐ Gabias, noiros, desniveis, etc. no terreo que poden provocar o envorco de vehículos de traballo e/ou a caída ou tropezos de persoas
- ☐ Utilización de ferramentas, máquinas, equipos ou materiais inadecuados para a tarefa
- ☐ Non se dispón da cualificación ou da experiencia necesarias para a tarefa
- ☐ Instrucións de traballo inexistentes ou inadecuadas
- ☐ Trabállase sen a información e formación suficiente sobre os riscos e as medidas preventivas
- ☐ Trabállase moi rápido
- ☐ Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención
- ☐ Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa

- ☐ Cansazo ou fatiga
- ☐ Realización de tarefas inhabituais ou extraordinarias, solución de avarías, incidentes
- ☐ Exceso de horas continuadas de traballo
- ☐ Incumprimento das instrucións de traballo
- ☐ Imprevisibilidade dos animais
- ☐ Causas relacionadas co tráfico
- ☐ Outra. Especificar

P.54 Disponse de datos sobre os custos económicos anuais producidos por estes accidentes?

- ☐ Si
- ☐ Non

CUESTIÓNS FINAIS

P.55 Sobre a regulamentación actual en materia de prevención de riscos no traballo, sitúe a súa valoración nunha escala de 1 a 5 para cada unha das seguintes estimacións:

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

De doada aplicación

Difícil de aplicar

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

Adecuada

Excesiva

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

Sinxela

Complexa

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

Economicamente rendible

Economicamente pouco rendible

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

Orientada a todos os sectores económicos

Orientada o sector industrial

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

Orientada a todos os tamaños de empresa

Orientada ás empresas grandes

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

Eficaz

Ineficaz

P.56 Na súa opinión, cales son as 3 principais razóns por orde de importancia que motivan á súa empresa a por en marcha accións para previr os riscos laborais? (ANOTE A PUNTUACIÓN DE 1 A 3 NAS TRES PRINCIPAIS RAZÓNS PARA VOSTEDE)

1. Cumprir coa lexislación vixente
2. Evitar as consecuencias legais (multas e outras sancións)
3. Responder aos requirimentos dos/as traballadores/as e sindicatos
4. Coidar a imaxe da empresa
5. Mellorar as condicións de traballo e garantir a seguridade e saúde dos/as traballadores/as
6. Razóns económicas (redución de custos)
7. Conseguir un bo clima laboral
8. Aumentar a competitividade da empresa
9. Outra razón. Especificar: _____

PRIMEIRA	
SEGUNDA	
TERCEIRA	

P.57 Por favor, anote a continuación calquera suxestión ou cuestión que considere relevante respecto ao tema que nos ocupa e que non se contemplase no cuestionario.

P.58 NOME DA EMPRESA:

Esta pregunta é realizada co único fin de coñecer que empresas responderon ao cuestionario, co fin de non volver contactar por teléfono coa empresa para cubrir a enquisa. En ningún caso se fará tratamento individualizado dos datos senón que pasarán a ser tratados estatisticamente xunto co resto de respostas recibidas.

Finalmente, unicamente para os efectos de comprobar que esta entrevista foi realizada e/ou aclarar algún dos aspectos que aquí se preguntan, desexariamos que nos indicase o seu nome, cargo e un número telefónico de contacto. Moitas grazas.

Nome: _____ Teléfono: _____

Cargo que ocupa a persoa que responde á entrevista:

- ☐ Director/xerente/propietario
- ☐ Responsable de recursos humanos ou responsable de persoal
- ☐ Responsable de seguridade
- ☐ Responsable de administración
- ☐ Encargado
- ☐ Responsable (o membro do departamento) de prevención de riscos laborais
- ☐ Outro. Especificar :

(Índice de gráficas)

Gráfica 1: Distribución das empresas ás que se lles enviou a enquisa por provincia.....	8	Gráfica 32: Realización de avaliación de riscos	45
Gráfica 2: Distribución dos sectores de actividade na mostra analizada	14	Gráfica 33: Distribución de centros que non realizaron avaliación de riscos por tamaño de cadro de persoal.....	46
Gráfica 3: Clasificación das empresas por persoal traballador.....	15	Gráfica 34: Distribución de centros que non realizaron avaliación de riscos por sector	46
Gráfica 4: Distribución do persoal segundo o tipo de contrato	15	Gráfica 35: Distribución das empresas segundo a realización da avaliación de riscos tendo en conta a existencia de traballadoras en situación de embarazo ou parto recente e por tamaño de cadro de persoal.....	47
Gráfica 5: Empresas segundo a idade do cadro de persoal.....	16	Gráfica 36: Distribución das empresas segundo a realización da avaliación de riscos tendo en conta a existencia de traballadoras en situación de embarazo ou parto recente e por sector	48
Gráfica 6: Distribución dos/as traballadores/as por rangos de idades	16	Gráfica 37: Realización da avaliación de riscos orixinadas por unha serie de circunstancias que afectaron os riscos.....	49
Gráfica 7: Sexo e nacionalidade dos/as traballadores/as	17	Gráfica 38: Centros por tamaño do cadro de persoal segundo a revisión da avaliación de riscos cando estes se viron afectados pola elección de substancias ou preparados químicos.....	50
Gráfica 8: Sexo e nacionalidade dos/as traballadores/as por sector de actividade	17	Gráfica 39: Centros por tamaño do cadro de persoal segundo a revisión da avaliación de riscos cando estes se viron afectados por unha modificación nos lugares de traballo	51
Gráfica 9: Distribución do persoal segundo o lugar no que realiza o traballo	18	Gráfica 40: Centros por tamaño do cadro de persoal segundo a revisión da avaliación de riscos cando estes se viron afectados pola incorporación dun traballador con características persoais que o fan sensible ás condicións do posto.....	51
Gráfica 10: Presenza de actividades de especial perigo por sector de actividade	20	Gráfica 41: Revisión da avaliación de riscos orixinada pola elección dos equipos de traballo.....	52
Gráfica 11: Existencia de delegados/as de prevención nas empresas e diferenciación por sexos	23	Gráfica 42: Revisión da avaliación de riscos orixinada pola elección das substancias ou preparados químicos	52
Gráfica 12: Formación dos delegados/as de prevención.....	25	Gráfica 43: Revisión da avaliación de riscos orixinada pola modificación no acondicionamento dos lugares de traballo.....	53
Gráfica 13: Periodicidade no ano das reunións do comité de seguridade e saúde no traballo	27	Gráfica 44: Revisión da avaliación de riscos orixinada por cambios nas condicións de traballo.....	53
Gráfica 14: Modalidade preventiva existente nas empresas	29	Gráfica 45: Revisión da avaliación de riscos orixinada pola incorporación de persoal con características individuais que o fan sensible ás condicións do posto de traballo	54
Gráfica 15: Organización preventiva segundo o sector de actividade	31	Gráfica 46: Revisión da avaliación de riscos orixinada pola produción de danos para a saúde.....	54
Gráfica 16: Preparación previa do persoal designado.....	32	Gráfica 47: Revisión da avaliación de riscos orixinada pola detección de que as actividades preventivas son inadecuadas ou insuficientes.....	55
Gráfica 17: Formación do persoal designado tras o seu nomeamento.....	32	Gráfica 48: Distribución de empresas segundo se realice a avaliación dunha serie de aspectos no centro de traballo	56
Gráfica 18: Porcentaxe de empresas que teñen constituído o servizo de prevención propio.....	33	Gráfica 49: Distribución de empresas que non realizaron a avaliación dunha serie de aspectos no centro de traballo por tamaño do cadro de persoal	57
Gráfica 19: Funcións representadas polos técnicos dos servizos de prevención propios das empresas	33	Gráfica 50: Distribución de empresas que non realizaron a avaliación dunha serie de aspectos no centro de traballo por sector	58
Gráfica 20: Especialidades preventivas que desempeñan os servizos de prevención propios	34	Gráfica 51: Información aos/as traballadores/as sobre avaliación de riscos.....	59
Gráfica 21: Especialidades preventivas contratadas aos servizos de prevención alleos	35	Gráfica 52: Información aos/as traballadores/as sobre avaliación de riscos por tamaño do cadro de persoal	59
Gráfica 22: Especialidades preventivas contratadas aos servizos de prevención alleos segundo tipo de entidade	35	Gráfica 53: Número de persoas que informan os/as traballadores/as sobre a avaliación de riscos.....	60
Gráfica 23: Satisfacción da empresa coas actuacións do servizo de prevención	37		
Gráfica 24: Satisfacción do centro de traballo coas actividades do servizo de prevención alleo segundo o tamaño do cadro de persoal. Categoría de respostas <i>pouco e nada satisfactorio</i>	38		
Gráfica 25: Satisfacción do centro de traballo coas actividades do servizo de prevención alleo segundo o tamaño do cadro de persoal. Categoría de respostas <i>satisfactorio e moi satisfactorio</i>	39		
Gráfica 26: Recursos preventivos presentes durante actividades perigosas ou con riscos especiais.....	40		
Gráfica 27: Recursos preventivos presentes por sector de actividade	40		
Gráfica 28: Persoal encargado da coordinación de actividades empresariais	41		
Gráfica 29: Persoal encargado da coordinación de actividades empresariais por sector de actividade	41		
Gráfica 30: Presenza do persoal coordinador de seguridade e saúde nas empresas do sector construción	42		
Gráfica 31: Presenza doutras figuras preventivas nos sectores de actividade analizados.....	43		

Gráfica 54: Distribución dos centros segundo o número de persoas que informan aos/as traballadores/as dos resultados da avaliación de riscos	62
Gráfica 55: Distribución de centros segundo quen informa aos/as traballadores/as dos resultados da avaliación de riscos por sector	63
Gráfica 56: Distribución de empresas segundo a posibilidade que teñen os/as traballadores/as de pasar un recoñecemento médico	65
Gráfica 57: Distribución de de centros segundo a posibilidade que teñen os/as traballadores/as de pasar un recoñecemento médico e por tamaño de cadro de persoal	66
Gráfica 58: Distribución de de centros segundo a posibilidade que teñen os/as traballadores/as de pasar un recoñecemento médico e por sector	66
Gráfica 59: Distribución de empresas segundo a existencia de riscos nos postos de traballo e a posibilidade que teñen os/as traballadores/as de pasar un recoñecemento médico	67
Gráfica 60: Distribución de empresas segundo a existencia dun delegado/a para prevención e a posibilidade que teñen os/as traballadores/as de pasar un recoñecemento médico	67
Gráfica 61: Distribución de empresas segundo a realización de actividades de especial perigosidade e a posibilidade que teñen os/as traballadores/as de pasar un recoñecemento médico	68
Gráfica 62: Lugares onde se realizaron os recoñecementos médicos	69
Gráfica 63: Lugares onde se realizaron os recoñecementos médicos por sector	70
Gráfica 64: Realización de actividades preventivas segundo a existencia dun delegado/a de prevención no centro de traballo	72
Gráfica 65: Realización de actividades preventivas segundo a existencia de delegado/a de prevención no centro de traballo por sector	73
Gráfica 66: Realización de actividades relacionadas co plan de emerxencia	74
Gráfica 67: Distribución de centros que no contemplan actividades relacionadas con el plan de emergencia y evacuación por tamaño de plantilla	75
Gráfica 68: Realización de actividades relacionadas co plan de emerxencia	76
Gráfica 69: Realización de formación sobre seguridade e saúde	77
Gráfica 70: Realización de formación sobre seguridade e saúde por tamaño do cadro de persoal	78
Gráfica 71: Realización de formación sobre seguridade e saúde por sector	79
Gráfica 72: Realización de formación sobre seguridade e saúde segundo a existencia de persoa delegada de prevención ..	79
Gráfica 73: Distribución de centros segundo os colectivos que recibiron formación sobre seguridade e saúde no traballo ..	81
Gráfica 74: Distribución de empresas segundo os colectivos que recibiron formación de seguridade e saúde no traballo por tamaño do cadro de persoal	82

Gráfica 75: Distribución de centros segundo os colectivos que recibiron a formación sobre a seguridade e a saúde no traballo por sector	83
Gráfica 76: Motivo para a realización da formación sobre seguridade e saúde por sector	86
Gráfica 77: Entidades que imparten a formación sobre seguridade e saúde no traballo por tamaño do cadro de persoal	89
Gráfica 78: Empresas que dispoñen de maquinaria con marcado CE	92
Gráfica 79: Empresas que dispoñen de maquinaria con declaración CE de conformidade	92
Gráfica 80: Empresas que dispoñen de maquinaria con manual de instrucións en castelán	93
Gráfica 81: Empresas que aplican un sistema de recepción para a aceptación da maquinaria	93
Gráfica 82: Empresas que aplican un sistema de recepción para a aceptación da maquinaria por tamaño de cadro de persoal	94
Gráfica 83: Empresas que aplican un sistema de recepción para a aceptación da maquinaria por sector	95
Gráfica 84: Riscos laborais identificados polas empresas enquisadas	97
Gráfica 85: Empresas que tiveron algún accidente de traballo ou enfermidade profesional nos últimos dous anos	98
Gráfica 86: Empresas que tiveron algún accidente de traballo ou enfermidade profesional nos últimos dous anos segundo o sector	99
Gráfica 87: Empresas que tiveron algún accidente de traballo ou enfermidade profesional nos últimos dous anos segundo o tamaño do cadro de persoal	99
Gráfica 88: Colectivos que investigaron os accidentes e/ou enfermidades de traballo	101
Gráfica 89: Valoración das principais causas dos accidentes de traballo	102
Gráfica 90: Disponibilidade de datos sobre os custos económicos dos accidentes de traballo	103
Gráfica 91: Disponibilidade de datos sobre os custos económicos dos accidentes de traballo por tamaño do cadro de persoal	104
Gráfica 92: Disponibilidade de datos sobre os custos económicos dos accidentes de traballo por sector	105
Gráfica 93: Implantación de sistemas de xestión nas empresas enquisadas	107
Gráfica 94: Repercusións negativas derivadas da situación da seguridade e saúde no traballo	109
Gráfica 95: Principais razóns para previr os riscos laborais	111
Gráfica 96: Valoración global das razóns para previr os riscos laborais	112
Gráfica 97: Razóns para previr os riscos laborais por tamaño do cadro de persoal (número de traballadores/as)	113
Gráfica 98: Razóns para previr os riscos laborais por sector	114
Gráfica 99: Valoración media sobre a regulamentación de prevención de riscos	116
Gráfica 100: Valoración de <i>desfavorable</i> e <i>moi desfavorable</i> da regulación de prevención de riscos laborais por sector	118

(Índice de táboas)

Táboa 1: Listaxe de polígonos por provincia	7	Táboa 19: Revisión da avaliación de riscos en función de varias circunstancias.....	48
Táboa 2: Valores estatísticos de referencia	8	Táboa 20: Información o seu persoal da avaliación de riscos, por sector.....	60
Táboa 3: Enquisas recibidas por provincia.....	10	Táboa 21: Medio para comunicar os resultados da avaliación de riscos	61
Táboa 4: Enquisas recibidas por polígono industrial	11	Táboa 22: Número de persoas que informan aos traballadores/as da avaliación de riscos	61
Táboa 5: Coeficientes de ponderación	13	Táboa 23: Medio para comunicar os resultados da avaliación de riscos, segundo o tamaño da empresa	62
Táboa 6: Número de centros de traballo na Comunidade Autónoma por empresa	14	Táboa 24: Persoa encargada de comunicar os resultados da avaliación de riscos	64
Táboa 7: Tempo que a empresa leva establecida en Galicia	14	Táboa 25: Actividades preventivas que se desenvolveron nas empresas.....	75
Táboa 8: Lugar no que o persoal realiza o seu traballo	18	Táboa 26: Realización de actividades formativas en centros con actividades de especial perigo.....	80
Táboa 9: Distribución dos centros de traballo segundo os horarios do persoal	19	Táboa 27: Motivos expostos para realizar a formación.....	84
Táboa 10: Actividades de especial perigo segundo a súa frecuencia de aparición nas empresas. Organización da prevención e actividades preventivas.....	21	Táboa 28: Motivos expostos para a realización da formación segundo o tamaño da empresa	85
Táboa 11: Delegados/as de prevención segundo o tamaño da empresa	24	Táboa 29: Entidades elixidas polas empresas para dar a formación	87
Táboa 12: Delegados/as de prevención por sector de actividade	24	Táboa 30: Riscos laborais identificados segundo o sector de actividade.....	98
Táboa 13: Existencia do comité de seguridade e saúde no traballo	26	Táboa 31: Tipoloxía das continxencias ocorridas e porcentaxes de ocorrencia	99
Táboa 14: Consulta aos/ás traballadores/as e aos seus representantes	28	Táboa 32: Medidas adoptadas tras a ocorrencia dalgún accidente de traballo ou enfermidade profesional	100
Táboa 15: Figuras ou recursos preventivos implantados para a prevención de riscos laborais.....	30	Táboa 33: Implantación de sistemas de xestión segundo sector de actividade	107
Táboa 16: Número de especialidades preventivas contratadas ao servizo de prevención alleo	35	Táboa 34: Repercusións negativas derivadas da situación da seguridade e saúde por sector	110
Táboa 17: Actividades preventivas contratadas ao servizo de prevención alleo	36	Táboa 35: Valoración da regulamentación sobre prevención de riscos no traballo.....	115
Táboa 18: Empresas que tiveron en conta a situación de embarazo ao realizar a avaliación de riscos	47	Táboa 36: Valoración das empresas <i>desfavorable</i> e <i>moi desfavorable</i> sobre a regulamentación sobre a prevención de riscos laborais.....	117



galego



XUNTA
DE GALICIA



